

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e dez minutos do día vinte e nove de xullo do ano dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Placido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Julio Pérez Carballo, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, dona Mónica Vázquez Blanco, don Miguel Bautista Carballo, dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2014.-

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de xuño de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Á ORDENANZA REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que, por coherencia co que votaron nun principio á aprobación inicial desta Ordenanza, van votar en contra. Quere que quede claro que o Grupo Socialista ten paciencia, e van esperar a ver como se levan a cabo as ordenanzas, pero non son inconscientes, porque igual tamén se lles acusa no seu día de que esta Ordenanza é culpa do Partido Socialista, ademais de que pediron algunha cousa que non se recolle nela.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que lamenta que voten en contra deste texto, que tivo unha longa tramitación na mesa de negociación, cos sindicatos e cos representantes dos traballadores. Eles mesmos incluso a cualificaron de positiva. Reitera que lamenta que voten en contra e que non tiveran feito ningunha achega na tramitación do texto, nin tan sequera no período de alegacións.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Resolver as alegacións formuladas contra o texto inicialmente aprobado da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense nos seguintes termos:

a) Estimar parcialmente a alegación formulada pola Delegación de Ourense do Colexio Oficial de Arquitectos, engadindo un novo parágrafo no apartado 2 do artigo 6, co seguinte contido:

“Nos procedementos de selección mediante concurso – oposición regulados no artigo 4, no suposto de cobertura de postos de traballo que correspondan a profesións susceptibles de exercicio por conta propia, as bases reguladoras poderán establecer como mérito avaliable a prestación de servizos neste réxime que estean relacionados co contido do posto de traballo e sexan relevantes para a avaliación do mérito e capacidade dos aspirantes. As bases determinarán os sistemas de acreditación destes méritos e a súa valoración, en termos equitativos respecto da valoración de servizos prestados por conta allea.”

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

b) Estimar parcialmente a alegación segunda do Comité de Empresa, engadindo no artigo 6.1.a) o inciso “ou análoga” respecto da categoría profesional, e un novo parágrafo neste apartado co seguinte texto: “Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a prevista nas bases garde unha relación de identidade esencial”.

c) Desestimar as alegacións sinaladas no demais, e desestimar integramente as alegacións primeira, terceira e cuarta do Comité de Empresa, polos motivos sinalados na proposta da Presidencia.

2º) Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, de acordo co seguinte texto:

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular os procedementos de selección de persoal laboral de carácter temporal por parte da Deputación de Ourense.

2. Os procedementos regulados na presente ordenanza serán de aplicación, no non disposto pola lexislación vixente, para a selección de funcionarios interinos.

3. Exclúense do ámbito de aplicación desta ordenanza os contratos laborais que se realicen con persoas físicas no marco de relacións de cooperación ou colaboración con outras administracións públicas para programas de fomento de emprego e inserción laboral, escolas - obradoiro e casas de oficios.

A realización dos contratos temporais aos que se refire este apartado rexeráse polo que establezan as normas específicas reguladoras dos correspondentes planos ou programas de actuación ou, se é o caso, polos convenios interadministrativos que se establezan para o efecto.

Non obstante o anterior, a baremación de méritos establecida na presente ordenanza seralles de aplicación subsidiaria aos procedementos para a selección de persoas para os contratos aos que se refire este apartado, nos supostos en que a aplicación da súa normativa específica non permita completar o proceso de selección.

4. Queda absolutamente excluído do ámbito de aplicación desta ordenanza o nomeamento de persoal eventual para funcións de confianza ou asesoramento especial dos órganos de goberno da Deputación Provincial. Este persoal cesará, de xeito automático, cando cese a autoridade á que prestan asesoramento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Artigo 2.- Clases de procedementos de selección de persoal temporal.

A selección do persoal temporal da Deputación Provincial levarase a cabo exclusivamente a través dalgún dos seguintes procedementos:

- a) Procedemento de concurso – oposición.
- b) Procedemento de concurso para a formación de lista previa.
- c) Procedemento urxente, que se aplicará de xeito excepcional, e exclusivamente nos supostos definidos no artigo 7 da presente ordenanza.

Artigo 3.- Actuacións previas á contratación temporal.

1. Co fin de salvagardar os principios de eficacia e eficiencia no funcionamento da administración provincial, previamente á realización de calquera contrato temporal ou nomeamento de funcionario interino será preceptiva a realización dos seguintes trámites, para os efectos de verificar a necesidade, viabilidade e características da contratación proxectada:

1) Informe da dirección da área interesada, que deberá detallar os seguintes extremos:

a) Xustificación da necesidade da contratación proxectada, especificando as concretas circunstancias que a fan necesaria e a imposibilidade de facerlles fronte a esas necesidades mediante o persoal dispoñible; cando isto sexa posible, sinalarase a duración de contrato que se estime precisa, ou, se é o caso, definirase a súa duración máxima por referencia á dimensión temporal da situación que determine a necesidade da contratación; no caso de contratos por obra ou servizo, definirase ademais con toda precisión a obra ou servizo determinada pola que se require a contratación.

b) Perfil académico - profesional requirido para desempeñar as tarefas obxecto de contrato laboral temporal.

2) Informe do Servizo de Recursos Humanos acreditando a falta de persoal dispoñible tamén noutros servizos que puidesen cubrir as necesidades requiridas pola unidade administrativa interesada que solicita a contratación.

3) Fiscalización previa pola Intervención, co fin de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente para a contratación.

2. Cando se leven a cabo contratacións ou nomeamentos mediante o emprego de listas previas, os trámites regulados no presente artigo serán esixibles con carácter previo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

á celebración de cada contrato ou contratos determinados coas persoas preseleccionadas que integren a lista, e irán referidos á necesidade e viabilidade orzamentaria deses concretos contratos.

3. Unha vez realizados os trámites precedentes, a Presidencia acordará a realización da contratación proposta, ben ordenando a elaboración das bases que haxan de rexer o procedemento de concurso – oposición ou urxente de contratación, ben - nos casos nos que proceda a utilización do procedemento de selección mediante concurso para formación de lista previa, ou existan listas previas formadas a través dun concurso – oposición - ordenando directamente a contratación das persoas preseleccionadas ás que corresponda pola súa orde na lista.

Artigo 4.- Do procedemento de selección mediante concurso - oposición

1. O procedemento de selección mediante concurso – oposición será de aplicación para a selección de persoal laboral temporal ou funcionario interino das categorías profesionais correspondentes aos subgrupos de titulación C1, B, A2 e A1

2. O procedemento terá por obxecto a selección das persoas coas que se realizará un contrato temporal ou nomeamento interino, no número e características que sinale cada convocatoria. Non obstante o anterior, as persoas que superasen a fase de oposición do proceso selectivo e non acadasen puntuación suficiente para a súa contratación ou nomeamento para os postos convocados, pasarán a integrar unha lista de reserva para posibles novas contratacións ou nomeamentos da categoría profesional de que se trate. Esta lista estará vixente durante un prazo de dous anos, durante o cal non será preciso realizar novos procesos selectivos de persoal da categoría profesional correspondente, procedéndose ao seu nomeamento ou contratación directa pola orde da lista.

No non previsto neste artigo, serán de aplicación, para a xestión destas listas, as normas establecidas no artigo 5.

3. Acordada a realización da contratación conforme co establecido no artigo 3, cando non existan listas previas referidas aos postos de traballo de que se trate, nin concorran os supostos de excepcional urxencia regulados no artigo 7, o Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial procederá a elaborar as bases correspondentes, seguindo as instrucións da Presidencia, e sempre con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. As ditas bases someteranse ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

informe da comisión de control e seguimento e posteriormente elevaranse á Presidencia para a súa aprobación.

4. As bases regularán o procedemento selectivo e a súa convocatoria, consonte coas seguintes regras:

a) O procedemento de selección será o concurso – oposición.

Para a avaliación de cada proceso selectivo designarase, mediante sorteo público e conforme co previsto no artigo 8, un tribunal específico de selección, sen prexuízo das atribucións da comisión de control e seguimento.

b) A convocatoria anunciarase no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación ou das súas entidades públicas dependentes, cando sexan estas as convocantes, e sen prexuízo do uso de calquera medio de publicación complementario que se estime oportuno.

c) O prazo de presentación de instancias será como mínimo de 7 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP.

d) Terán dereito a participar nos procesos selectivos as persoas que, cumprindo os requisitos xerais para o acceso ao emprego público esixidos pola lexislación vixente, posúan a titulación ou formación académica esixida para cada categoría profesional. Na medida do posible, e sempre de acordo co establecido na lexislación vixente, as bases establecerán a apertura ao maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ao contido dos respectivos graos formativos, un nivel de coñecemento suficiente para as funcións propias da categoría ou posto de traballo de que se trate.

e) As convocatorias reservarán sempre unha porcentaxe non inferior ao 7 % do número de postos previstos para ser cubertos por persoas con discapacidade, agás naqueles casos en que, pola natureza das categorías profesionais ou postos de traballo para cubrir, non sexa posible a súa provisión por persoas con determinadas discapacidades que determinen a súa falla de capacidade funcional para o desempeño dos postos. Nestes casos, as bases determinarán as exclusións aplicables.

f) Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias, aprobarase a relación de admitidos e excluídos, designarase o tribunal de selección conforme co establecido no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

artigo 8 e outorgarase un prazo de dez días hábiles para reclamacións, que poderán ter como obxecto a admisión ou exclusión de aspirantes e a elección do tribunal de selección. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, anunciaranse na sede electrónica as datas de realización de valoración dos méritos achegados e de realización da proba práctica.

g) O tribunal de selección estará integrado por seis membros, conforme co establecido no artigo 8 da presente ordenanza.

h) A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá supoñer nunca máis do 40% do total da puntuación. A valoración dos méritos será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles dende a data da súa realización.

i) A proba práctica estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do tipo de posto de traballo, e será determinada polo tribunal de selección na mesma data da súa realización, no marco do previsto nas bases. As actuacións desenvolvidas na reunión na que se estableza o contido da proba para realizar recolleranse na acta correspondente. A corrección da proba levarase a cabo e será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, trala autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais. Nesta mesma publicación, incluírase a proposta de resolución formulada polo tribunal.

k) Efectuadas as publicacións sinaladas, o presidente do tribunal remitiralle o expediente completo ao presidente da comisión de control e seguimento, que procederá á súa convocatoria para a emisión do informe preceptivo correspondente.

No suposto en que o informe da comisión fose desfavorable á proposta do tribunal, devolveráselle o expediente a este, co fin de que emita o informe ao respecto que considere oportuno.

l) Emitido o informe da comisión, e, se é o caso, do tribunal, a Presidencia resolverá conforme coa proposta do tribunal, agás que, de xeito motivado, considere que a dita proposta infrinxe as bases reguladoras ou a normativa vixente. Neste suposto, a Presidencia requirirá do tribunal a formulación dunha nova proposta na que se emenden as deficiencias advertidas. O tribunal, motivándoo suficientemente, poderá manter a súa proposta orixinal, que vinculará á Presidencia, sen prexuízo da potestade dos órganos da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

administración provincial de acordar a declaración de lesividade ou a revisión de oficio da resolución de que se trate, cando se estime procedente conforme coa lexislación aplicable.

Artigo 5. Do procedemento de concurso para a formación de listas previas.

1. O procedemento de concurso para a formación de listas previas será de aplicación para a selección de persoal laboral temporal ou funcionario interino das categorías profesionais correspondentes ao subgrupo C2 e ás agrupacións profesionais sen requisito de titulación da Deputación Provincial e dos seus organismos ou entidades de dereito público dependentes.

2. O método de selección para a formación de listas previas de contratación será, exclusivamente, o de concurso, empregando o baremo establecido no artigo 6.

3. As listas previas terán carácter permanente, sendo obrigatoria a súa formación para as categorías profesionais do nivel de titulación que constitúe o seu ámbito a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, sen prexuízo da súa renovación periódica conforme co establecido no apartado 10 do presente artigo.

Cando a Deputación Provincial recoñeza ou cree novas categorías profesionais para as que non exista lista previa, deberá procederse á convocatoria correspondente.

As categorías profesionais serán definidas anualmente no Plan de ordenación de recursos humanos da Deputación, ou instrumento equivalente.

As listas previas terán carácter único para a Deputación Provincial e os seus organismos ou entes de dereito público dependentes.

4. Terán dereito a ser incluídas nas listas todas as persoas que reúnan os requisitos legais para o acceso ao emprego público nas categorías profesionais correspondentes.

5. Existirá unha lista previa para cada categoría de persoal laboral e funcionario do subgrupo C2 e das agrupacións profesionais sen requisito de titulación, respectivamente. Cada lista, á súa vez, dividirase en dúas seccións, identificadas polas letras A) e B). Na sección A) inclúiranse os aspirantes que posúan como mérito avaliable os servizos previos prestados por tempo superior a seis meses na categoría correspondente na Deputación Provincial ou noutras Administracións Públicas ou no sector privado. Na sección B) inclúiranse os aspirantes que non posúan ditos méritos. As dúas seccións utilizaranse alternativamente para realizar as contratacións ou nomeamentos, verificándose os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

chamamentos de xeito que por cada dous contratos ou nomeamentos que se realicen, o primeiro corresponderá á sección A), e o seguinte á sección B), e así sucesivamente. Ningún aspirante poderá acceder de xeito simultáneo ás dúas seccións da lista, e serán incluídos de oficio pola comisión na sección que corresponda, de conformidade co que resulte da certificación de vida laboral que obrigatoriamente deberán presentar os aspirantes.

Os integrantes da sección B) pasarán a ser incluídos de oficio na sección A) en cada renovación anual da lista, cando conste que adquiriron como mérito avaliable o de servizos prestados por tempo superior a seis meses na categoría correspondente na Deputación Provincial ou noutras Administracións Públicas ou no sector privado.

6. A orde da lista virá determinada pola puntuación obtida no concurso. Non obstante o anterior, e para dar cumprimento á reserva do 7 % dos postos ao seu favor, as persoas con discapacidade terán dereito a un de cada quince postos de cada sección da lista, aínda que a súa puntuación corresponda cun posto inferior. Esta regra non será de aplicación cando a puntuación obtida xa lles dea dereito a un posto en cada quincena da lista.

7. As bases reguladoras da convocatoria dos concursos para a formación das listas previas determinarán o xeito de acreditar os méritos, os requisitos de presentación de instancias, o modo de realizarse os chamamentos para a contratación, e cantos outros extremos sexan precisos para unha axeitada xestión do procedemento. En todo caso, a convocatoria farase pública mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, e o prazo de presentación de solicitudes será, como mínimo, dun mes.

As bases determinarán a composición da comisión de valoración, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

As bases serán aprobadas pola Presidencia, tralo informe da comisión de control e seguimento prevista no artigo 9 da presente ordenanza.

8. Concluído o prazo de presentación de instancias, a comisión de valoración prevista procederá a formular unha proposta de listas previas. A proposta da comisión someterase a información pública por prazo de dez días, para os efectos de reclamacións dos interesados. As alegacións, de ser o caso, serán informadas pola comisión, que lle

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

elevará proposta definitiva á Presidencia, para a aprobación das listas e a súa publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

Con carácter previo á súa aprobación pola Presidencia, a proposta da comisión de valoración deberá ser obxecto de informe pola comisión de control e seguimento.

9. A lista previa de contratación terá un prazo de vixencia indefinida a contar dende a publicación da súa aprobación no BOP, debendo cubrirse obrigatoriamente as necesidades de persoal temporal da Deputación Provincial para os postos de traballo aos que se refira a lista mediante a contratación ou nomeamento directo das persoas incluídas, seguindo a súa orde de colocación na lista. A medida que se vaian extinguindo os contratos realizados, as persoas contratadas pasarán a ocupar de novo o posto que consonte coa puntuación obtida lles corresponda na lista, podendo volver ser contratadas se xurdise a necesidade. Sen prexuízo do anterior, os integrantes das listas que, en virtude dos contratos realizados ao abeiro deste sistema, adquiran o dereito á prestación por desemprego, pasarán a ocupar o último lugar da lista.

10. As listas renovaranse anualmente, mediante convocatoria realizada para o efecto conforme co sinalado nos apartados 7 e 8. Na dita convocatoria anual de renovación poderán integrarse novos candidatos, e os xa incluídos poderán actualizar os seus méritos. Ademais, nesta renovación anual a Deputación Provincial revisará de oficio a lista de integrantes da sección B), incluíndo na sección A) a aqueles que, na data de remate de prazo de presentación de instancias para a renovación, acadaran méritos por servizos prestados por tempo superior a seis meses na correspondente categoría.

11. No suposto de que un integrante da lista rexeitase a contratación ofrecida pola Deputación, excluíráselle desta con carácter definitivo, agás que o rexeitamento estea motivado por causa de forza maior ou pola concorrencia de circunstancias especiais que motivasen unha baixa regulada para un traballador activo da Deputación.

12. Nos supostos nos que xurdise a necesidade dunha contratación temporal para un posto dos reservados á lista, e todos os integrantes da dita lista tivesen contratos en vigor coa Deputación Provincial, realizarase unha convocatoria específica para ampliación da lista previa, que se tramitará de forma urxente, reducíndose á metade os prazos previstos para este procedemento. Non obstante, poderá empregarse o procedemento excepcional de urxencia se concorren os requisitos establecidos no artigo 7.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

13. A simple integración nunha lista para contratación temporal non dará lugar á existencia de relación laboral ningunha coa Deputación, senón unicamente o dereito a ser contratado ou nomeado nos supostos nos que a Deputación Provincial aprecie a existencia da necesidade de realizar contratos para postos reservados á lista de referencia, nos termos e condicións que sinala a administración provincial conforme co establecido no artigo 3.

Artigo 6.- Baremo de méritos

1. O baremo de méritos para utilizar nas fases de concurso en todos os procedementos será o seguinte:

a) Polos servizos prestados na mesma ou **análoga** categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción.

Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a prevista nas bases garde unha relación de identidade esencial.

O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados expresado en días e dividíndoo por trinta, aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.
- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.
- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

2. Adicionalmente aos méritos establecidos no apartado anterior, as bases reguladoras poderán establecer, no caso de postos nos que o emprego do idioma sexa especialmente relevante, a valoración como mérito do coñecemento da lingua galega nun grao superior ao esixido como requisito en cada convocatoria, establecendo a puntuación correspondente en atención á natureza da praza.

Nos procedementos de selección mediante concurso – oposición regulados no artigo 4, no suposto de cobertura de postos de traballo que correspondan a profesións susceptibles de exercicio por conta propia, as bases reguladoras poderán establecer como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

mérito avaliable a prestación de servizos neste réxime que estean relacionados co contido do posto de traballo e sexan relevantes para a avaliación do mérito e capacidade dos aspirantes. As bases determinarán os sistemas de acreditación destes méritos e a súa valoración, en termos equitativos respecto da valoración de servizos prestados por conta allea.

3. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate establecerase do xeito seguinte:

- Pola maior puntuación no apartado a) do baremo; no seu defecto, pola maior puntuación no apartado b).

- De persistir o empate, por orde alfabética, a partir da letra inicial que resulte do último sorteo anual efectuado pola Xunta de Galicia para os seus procesos selectivos.

Artigo 7. Procedemento de urxencia.

1. Poderase utilizar o procedemento especial que prevé o presente artigo en casos excepcionais de urxencia, considerando como tales exclusivamente os seguintes:

a) Contratos necesarios para atender as actuacións realizadas pola Deputación Provincial en supostos de catástrofe ou calamidade pública, cando non exista lista previa para a contratación.

b) Cando os prazos do procedemento ordinario non permitan satisfacer as necesidades que motivan a contratación.

En todo caso, o emprego do procedemento de urxencia deberá quedar suficientemente motivado no expediente, mediante informe do Servizo de Recursos Humanos no que se demostre a concorrencia dos supostos previstos nos apartados anteriores.

2. O procedemento de urxencia consistirá en realizar un procedemento simplificado, coas seguintes regras especiais:

a) O prazo de presentación de solicitudes non poderá ser inferior a tres días naturais.

b) Non serán esixibles o trámite de alegacións á lista de admitidos e excluídos e á elección do tribunal, sen prexuízo da posibilidade de impugnación do acto que poña fin ao procedemento por posibles infraccións nestes aspectos.

c) Será esixible o informe previo da comisión de control, que, de ser necesario,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

poderá ser convocada con carácter de urxencia.

d) O método de selección será o concurso, empregándose o baremo de méritos establecido no artigo 6.

e) A duración máxima dos contratos realizados ao abeiro do procedemento previsto neste artigo será de tres meses.

Artigo 8. Tribunais de selección.

1.- O tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose por un presidente, catro vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera administración pública.

A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo.

Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade con establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

2. Os membros do tribunal con dereito a voto serán designados mediante sorteo que se realizará en acto público, na data e lugar que indiquen as bases do procedemento. O secretario do tribunal será designado pola Presidencia, entre funcionarios do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

3. O presidente e dous vogais serán elixidos por sorteo entre empregados públicos da Deputación Provincial de Ourense, ou das súas entidades públicas dependentes cando sexan estas as que vaian realizar a contratación. Os dous vogais restantes deberán ser empregados públicos pertencentes a outras administracións públicas galegas diferentes á Deputación Provincial de Ourense a ás súas entidades dependentes.

Para estes efectos, trala autorización previa dos órganos competentes de cada administración pública, e mediante resolución da Presidencia, aprobarase un listado de empregados públicos pertencentes á Xunta de Galicia, ás universidades públicas de Galicia, ás deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra e á administración periférica da Administración Xeral do Estado en Galicia, así como das súas entidades públicas dependentes, susceptibles de ser designados como membros dos tribunais selectivos da Deputación de Ourense e dos seus entes públicos dependentes. Inclúiranse tamén nesta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

lista os funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional que desempeñen postos de traballo na comunidade autónoma de Galicia.

A lista clasificará aos empregados públicos incluídos nela conforme co seu corpo, escala, subescala e categoría, indicando a súas titulacións académicas.

A lista incluirá as relacións de empregados públicos que se remitan polos órganos competentes das administracións públicas sinaladas. Non obstante, se no prazo dun mes desde que a Deputación Provincial de Ourense lles solicitase a remisión da lista de posibles candidatos para ser membros dos tribunais selectivos algunha das administracións sinaladas non llas remitise á Deputación, o presidente formará a dita lista unicamente coas relacións recibidas no dito prazo.

En caso de que no citado prazo dun mes desde que se lles solicitase ás administracións sinaladas a remisión das relacións de candidatos ningunha delas as remitise, a Deputación Provincial procederá á elección dos dous vogais mediante sorteo entre os seus propios empregados públicos.

As listas de posibles membros de tribunais de selección actualizaranse anualmente pola Presidencia, mediante a correspondente solicitude de actualización de datos ás administracións competentes.

As bases reguladoras de cada procedemento selectivo convocado especificarán os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer os membros do tribunal, entre os que se realizará o sorteo correspondente.

No sorteo designarase un titular e tres suplentes por cada posto do tribunal. O resultado do sorteo farase público no propio acto da súa realización e na sede electrónica da Deputación, conxuntamente coa aprobación da lista de admitidos e excluídos, abríndose un prazo de dez días hábiles para a formulación de reclamacións por parte dos interesados.

Para garantir a maior paridade posible na composición do tribunal, os candidatos agruparanse en listas diferenciadas por sexos para cada categoría profesional, elixíndose alternativamente un home e unha muller de cada categoría. No suposto de categorías profesionais para as que non exista máis dun posto na composición do tribunal empregarase a lista conxunta de homes e mulleres desa categoría. No suposto de que o número de membros dunha determinada categoría sexa impar, o membro correspondente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

ao número impar elixirase entre a lista conxunta de homes e mulleres desa categoría.

4. En todo caso, a participación nos tribunais terá carácter voluntario, polo que os empregados públicos interesados poderán manifestar a súa renuncia unha vez recibida a notificación da súa elección, entendéndose que aceptan se non comunican o contrario. En caso de renuncia, serán substituídos polo suplente elixido para tal fin.

Os membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na lexislación de procedemento administrativo común. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

5. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións, non estando suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos da Deputación. A Deputación porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificadas, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de asesores técnicos especializados para a realización e avaliación das probas selectivas.

6. O tribunal de selección non poderá constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sendo sempre imperativa a do presidente e do secretario. As súas decisións adoptaranse por maioría.

5. Co fin de que a participación dos empregados públicos nos tribunais de selección non supoña unha redución da súa dedicación aos seus postos de traballo nas administracións públicas, os tribunais realizarán as probas selectivas e as súas reunións de traballo fóra da xornada laboral dos seus membros. Todos os membros do tribunal de selección terán dereito a recibir as correspondentes indemnizacións ou axudas de custo de conformidade coa lexislación vixente.

6. O establecido neste artigo non lles será de aplicación ás comisións de valoración dos concursos para a formación de listas previas, que se rexerán polo establecido nas correspondentes bases reguladoras, con respecto, en todo caso, ao establecido na lexislación vixente para os órganos de selección de persoal.

Artigo 9.- Comisión de control e fiscalización

1. Co obxecto de garantir a correcta aplicación dos procedementos selectivos previstos na presente Ordenanza e a participación das organizacións sindicais nos ditos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

procedementos, créase unha Comisión de control e seguimento coa seguinte composición:

- Presidente: O da Corporación, ou membro dela no que delegue.

- Vogais:

Tres representantes da Deputación Provincial, designados pola Presidencia

Un representante do Comité de Empresa

Un representante da Xunta de Persoal

Un representante de cada unha das organizacións sindicais con presenza na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Ourense. Sen prexuízo do dereito de asistencia á comisión dun representante por cada unha das organizacións sindicais citadas, para os efectos de votación a representación sindical considerarase única, equivalendo a un voto e correspondendo o exercicio do dito dereito de votación a unha soa das organizacións sindicais, de xeito rotatorio e de conformidade con que as ditas organizacións acorden entre si.

- Secretario (con voz pero sen voto): un funcionario do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

2. A comisión de control e seguimento terá as seguintes atribucións:

a) Informar as bases que rexerán as convocatorias dos procedementos de selección de persoal antes da súa aprobación.

b) Informar as propostas de resolución dos procedementos selectivos.

c) Informar, con carácter preceptivo, as reclamacións ou recursos que se interpoñan contra os actos ditados nos procedementos de selección de persoal temporal da Deputación Provincial

d) Formular propostas de modificación ou informar os proxectos de modificación da presente Ordenanza

As funcións de informe da Comisión terán carácter preceptivo nos procedementos de referencia.

3. O funcionamento da comisión axustarase ao disposto nas normas comúns de funcionamento dos órganos colexiados, sen prexuízo de que a propia comisión poida establecer ou completar as súas específicas normas de funcionamento.

Disposición adicional primeira

A presente ordenanza seralles de aplicación, coa extensión definida no seu artigo 1,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

aos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ou nomeamento de persoal funcionario interino que se realicen por parte dos organismos autónomos e entidades de dereito público dependentes da Deputación Provincial de Ourense.

Disposición adicional segunda

O disposto no artigo 8 da presente ordenanza seralles de plena aplicación aos tribunais de selección que se constituían nos procesos selectivos de selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo convocados con posterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza.

Disposición transitoria primeira

Os procedementos de selección de funcionarios interinos e persoal laboral temporal que se atopen en tramitación no momento de entrada en vigor da presente ordenanza continuarán rexéndose pola normativa anterior, ata a súa total conclusión.

Disposición transitoria segunda

As convocatorias de concursos para a formación de listas previas reguladas no artigo 5 deberán realizarse no prazo máximo de tres meses a partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza.

As contratacións ou nomeamentos que deban realizarse durante o período de elaboración e tramitación das listas previas deberán realizarse mediante a convocatoria de concursos específicos para os postos de que se trate, mediante concurso con aplicación do mesmo baremo establecido no artigo 6 para o procedemento de formación de listas previas.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, do 19 de decembro de 2003 (BOP n.º 5, de 8 de xaneiro de 2004), así como cantas disposicións de igual ou inferior rango xerárquico se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto na presente ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, sempre e cando fose aprobada con carácter definitivo e transcorrese o prazo previsto nos artigos 70.2 en relación co 65.2 da Lei

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. En defecto das devanditas circunstancias, a presente ordenanza entrará en vigor o primeiro día hábil seguinte ao do cumprimento dos citados requisitos de vixencia.

3º) Ordenar a publicación do texto definitivamente aprobado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA RELATIVA Á BUSCA DE RESPONSABILIDADES CONTRA A/S PERSOA/S QUE XESTIONARON O EXPEDIENTE DE DESPEDIMENTO COLECTIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que no anterior debate escoitou algo que lle chamou a atención, como que se ten un colchón moi importante de cartos por se hai que devolver os 10 millóns (reitera que os debe devolver quen fixo mal as cousas). O Sr. secretario dixo que el foi o que tramitou este expediente, pero todos saben que é o secretario da institución, pero que quen deu a orde de facelo e o responsable político é o Sr. presidente (isto xa é mochila propia, non ven de atrás). O presidente no seu día dixo que había que facer este expediente porque había que adelgazar á institución, porque con 700 traballadores se traballa igual que con 1000 (habería que saber por que en épocas electorais se precisaban 1500). Con isto está a contradicir ao anterior presidente, que é o seu pai, e espera que ao sucesor deste presidente actual non lle dean as coiteladas que el lle está dando ao anterior (escoitando entrevistas parece que antes todo se facía mal e de dous anos para aquí todo se fai ben). O presidente vendeu que despedir a 25-30 persoas nesta casa era a solución e a panacea de todos os problemas da administración. Pero de alí a uns meses o Sr. presidente contrata a traballadores para o seu núcleo de confianza e algún deles cobra o salario de catro das persoas que se despediron. Con isto demostra que só fixo un xesto de cara á galería e pagaron os traballadores (algún deles en servizos básicos como se demostrou agora recompoñendo algún servizo). Este expediente de despido colectivo deulle un minuto no telediario ao Sr. presidente por ser o primeiro que se facía nunha administración, pero despois saen 25 minutos dicindo que somos os primeiros en facer falcatuadas e outras cousas peores. Este expediente é responsabilidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

do Sr. presidente e os técnicos só cumpren ordes de quen lle encarga un traballo. Outra cousa é que as sentenzas poidan dicir que se errou ou non no traballo, pero o responsable político desta desfeita é o presidente. Dise que nestes dous últimos anos se fan ben as cousas pero resulta que non só hai que devolver os cartos das depuradoras, senón que agora con este expediente hai que pagar 500.000 euros a maiores. Se esta é a boa xestión que fai o presidente desta casa o mellor é que se vaia para a súa. O montante do aforro do despido xa se conseguía se se eliminasen algunhas partidas do orzamento como a de protocolo e propaganda, que a día de hoxe aínda non saben o que se gasta nesa partida porque non se lles di. Nun punto da orde do día deste Pleno ven outra hipermodificación de créditos con 200.000 euros máis para esa partida e despois póñense ás cincentas na rúa e cómpranse as mellores impresoras, contrátase a xente que cobra tres veces máis que o que cobra o deputado que fala, etcétera. Aquí só falta que o Sr. presidente lle pida á oposición que aplauda a súa boa xestión: fai todo ben, non ten responsabilidades e cando as ten bóttalle a culpa ao Sr. Freire Couto do INORDE e despois seguimos co INORDE e volvemos facer outra modificación sangrante (visto o visto case era mellor que quedase o Sr. Freire Couto). Presentan esta moción para que se depuren responsabilidades políticas e non as dos técnicos. Cre que o responsable deste desaguado é o presidente e ninguén máis e por iso piden na moción a adopción dos seguintes acordos: incoar expediente administrativo para a esixencia de todo tipo de responsabilidades administrativas e civís contra as persoas físicas que de forma nefasta xestionaron o expediente de despedimento colectivo da Deputación de Ourense e buscar aos/ás responsables da nefasta xestión deste procedemento e esixirlles que sexan eles/as os/as que se fagan cargo do custo que poida ter. Por enésima vez di que o Grupo Socialista non ten gañas de que a Deputación pague, senón que pague quen o fai mal. Os erros administrativos que se poidan ter son diferentes aos erros que se cometen sabendo que van ser erros desde un principio, porque disto xa se avisou igual que no das depuradoras. Debería existir unha lei que esixa este tipo de cuestións e así melloraría a calidade democrática e se deixarían de facer cousas que non se deben facer.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o Partido Popular adoita escudarse, cando as cousas non lle interesan, na tan manida frase: deixar que a xustiza faga o seu traballo. Pois abofé que o fixo, e falou, e o que dixo é que esta institución utilizou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

argumentos tramposos e torticeiros, para provocar un despedimento colectivo, que non tiña xustificación. E iso, noutro alarde de que aquí se fan as cousas porque sí, vailles custar a todos os cidadáns máis de 500 mil euros. Medio millón de euros que endosar no peculio dos contribuíntes e que se engaden aos 10,1 millóns de euros que hai que devolverlle á facenda pública por irregularidades na adxudicación das depuradoras. En calquera país, minimamente civilizado, isto tería consecuencias políticas (as outras xa as veremos) e polo tanto obrigaría a dimitir a aquel ou aqueles que se amparan en argumentos falaces para tomar decisións en contra da lei, do sentido común e da cidadanía. Pregúntase cal é o problema aquí. Ningún. As decisións tómanse pese a quen pese e custe o que custe, porque ninguén asume as consecuencias dos seus actos. O presidente é dobremente irresponsábel, é irresponsábel porque vulnera a legalidade a sabendas de que está facendo e porque asume con cartos dos demais os desaguisados que comete. O que ven de facer o Supremo é darlle unha nova labazada (non é a primeira) á política de persoal desta Deputación, política que está sendo xulgada nestes momentos e levou ao seu predecesor ao banquiño dos acusados que recoñece diante da xustiza que hai uns principios democráticos para xestionar o diñeiro público, que pasan pola igualdade o mérito e a capacidade. Non é a primeira vez que hai unha resolución xudicial, en materia de persoal, en contra da Deputación. Convén lembrar o fallo do TSX avaliando as teses do xuíz do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense, que manifestou, a raíz da denuncia dun opositor, que o sistema de contratación utilizado pola institución provincial “infrinxía os principios de interdicción da arbitrariedade, publicidade, seguridade xurídica, transparencia e obxectividade que rexen este tipo de procesos selectivos”. O Sr. presidente, que sempre quere ser o primeiro en todo (e sen dúbida o está a conseguir) presentou isto o 5 de decembro de 2012 ante a opinión pública como o primeiro expediente de despedimento colectivo dunha deputación provincial en España. Quedará para o seu ego ter sido o primeiro presidente que acomete un ERE nunha institución, pero tamén pasara á historia por ser o primeiro que intentou burlarse da xustiza pero foi cazado. Xa no seu día o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia considerou que a decisión da Deputación de Ourense de aplicar un despedimento a un grupo de traballadores laborais indefinidos "non se axustaba a dereito", pois nas causas económicas nas que se sustenta en parte o ERE "non se acreditaba unha insuficiencia orzamentaria nos termos esixidos polo regulamento". Esa sentenza, igual que a de agora, xa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

recollía os argumentos utilizados polo BNG que se posicionou en contra do despedimento colectivo, por entender que non existía déficit orzamentario, posto que ás numerosas subvencións a dedo engadíronse a contratación de asesores por parte da Deputación Provincial cun salario superior aos 50.000 euros, mentres se despedía a traballadores, e de aumentar o gasto en cuestións protocolarias e traballos externos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se se rebaixa o capítulo I facendo un esforzo considerable fano mal e se contratan xente fano moito peor, polo que di a frase de sempre: pau se remas, pau se non remas. Co fin de centrar o debate sobre esta cuestión, dá uns datos obxectivos e que cada un os valore como entenda. No exercicio 2012, a Deputación Provincial presentaba unha situación económica preocupante, debido á redución dos ingresos fiscais da institución. En concreto, mentres o orzamento liquidado de 2009 alcanzou a cifra de case 89 millóns de euros, en 2010 sufriu unha redución de máis de 5 millóns de euros (liquidándose en 83.800.000, é dicir, un 5,65 % menos que en 2009) redución que se volvería producir en 2011 (pechándose este exercicio en 78,7 millóns de euros, isto é, máis dun 11% menos que en 2009). Esta tendencia decrecente mantíñase en 2012, no que o orzamento inicial foi de só 71 millóns de euros. É dicir, se se compara a liquidación de 2009 coa de 2011, atopámonos con que a redución orzamentaria sufrida fora de máis de 10 millóns de euros. En só dous anos, pois, a Deputación reducira a súa capacidade de gasto, sen caer en déficit, en máis de 10 millóns de euros. E en 2012 esa caída continuaría producíndose, aínda que nunha porcentaxe menor. Pero estes datos non explican totalmente a situación real, que era, se cabe, aínda máis complicada, por unha razón: nos anos 2010, 2011 e 2012, a Deputación acudira ao endebedamento como mecanismo para aumentar os seus ingresos, contraendo débeda por un importe duns 12 millóns de euros. De non terse acudido a este mecanismo extraordinario de financiamento, a Deputación tería caído en déficit ou, alternativamente, tería sufrido unha redución do orzamento superior aos 20 millóns de euros neses anos. Como é obvio, ese recurso á débeda non podía manterse no tempo, e de feito, nin en 2013 nin en 2014 se contraeu ningún novo préstamo (ao contrario, amortizouse normalmente a débeda existente e devolvéronse de xeito anticipado os préstamos subscritos en 2011 e 2012, liberando á Deputación da obriga de realizar un plan de axuste). Por outra banda, a estrutura de ingresos da Deputación – que carece de tributos propios, agás a recarga do IAE, que se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

atopaba xa no máximo legal – impedía xerar novos ingresos en contía suficiente para paliar a situación. Ademais, no momento no que había que tomar decisións – lémbrese que estamos a falar na perspectiva de 2012 – a incerteza sobre cal sería a evolución da situación económica en 2013 e 2014 era absoluta: non había ningún argumento, dende a prudencia, para pensar que as cousas fosen a mellorar dun xeito espectacular dun día para outro. Nesa situación, o único mecanismo posible era continuar coa redución de gasto xa iniciada. A este respecto, hai que chamar a atención en canto a que a maior parte desa redución se levara a cabo en partidas diferentes á de persoal. Aínda que o gasto de persoal entre 2009 e 2011 se reducira en case un 10 %, esta redución fora inferior ao 11,4 % no que se tiña reducido o orzamento global. De feito, as maiores porcentaxes de redución de gasto se produciran nas partidas de transferencia correntes e de capital, o que afecta fundamentalmente ás subvencións, a maior parte das cales van dirixidas aos concellos, como é sabido. Entre 2009 e 2011, a redución das transferencia correntes foi dun 13,73 %. E a das transferencias de en torno a un 69%. E tamén se reduciron os investimentos propios da Deputación en case un 2%, que en realidade é máis se temos en conta os gastos plurianuais. Ante esta situación, era evidente que o único camiño a seguir era o da redución do gasto de persoal. En realidade, e xa antes do expediente de despido colectivo, se tiñan tomado medidas a ese respecto, que foron as seguintes: en primeiro lugar, a redución xeneralizada dos soldos dos empregados públicos posta en práctica no exercicio 2010 cunha redución media en torno ao 5 % (en aplicación do establecido no Real decreto lei 8/2010) e no exercicio 2012, suprimindo a paga extraordinaria de decembro (en aplicación do Real decreto lei 20/2012). En segundo lugar, unha drástica redución do volume de persoal laboral temporal e funcionario interino, especialmente no exercicio 2012. En terceiro lugar, a amortización da práctica maioría das prazas nas que se produciron xubilacións, e a conxelación da oferta de emprego público a partir de 2011 practicamente na súa totalidade. No exercicio 2012, ademais, acadouse un acordo cos representantes dos empregados públicos provinciais para a redución do gasto en concepto de prestacións de acción social e do gasto de manutención do persoal das brigadas dos Servizos de Vías e Obras e Cooperación. Pero estas medidas, con ser enormemente importantes, resultaban insuficientes, e ademais estaban por así dicilo esgotadas, posto que non era posible obter aforros significativos incidindo de novo nesas medidas. Por iso, e tal e como reflectía a memoria xustificativa do expediente de despido colectivo, as únicas vías realmente efectivas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

para lograr unha redución significativa do gasto de persoal eran, ou ben unha redución xeneralizada das retribucións dos empregados provinciais, ou ben unha redución do cadro de persoal, mediante o despido por causas obxectivas de persoal laboral indefinido, ou ben unha combinación das anteriores. Considerouse que o máis racional era proceder ao despedimento de persoal laboral indefinido, medida que tivo un carácter estrutural, e non simplemente conxuntural, e que, ao afectar exclusivamente a persoal laboral indefinido, tiña unha incidencia mínima sobre as necesidades de persoal da institución, ao referirse a prazas cuxa creación non respondeu á planificación regular das necesidades de efectivos e que resultaban obxectivamente innecesarias, na maioría dos casos, para o regular funcionamento dos servizos provinciais. Por todas as razóns anteriores – que non son senón un resumo da detallada motivación contida na memoria xustificativa do expediente, elaborada pola Presidencia – tomouse a decisión de efectuar o expediente de despido colectivo, decisión que, dende o punto de vista legal, foi avaliada polo informe do secretario xeral de 4 de decembro de 2012. Dicar que esta decisión foi “unha chafallada” e unha cousa “sen pés nin cabeza” só pode obedecer á ignorancia ou ás gañas de ser simpáticos. É certo que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, primeiro, e o Tribunal Supremo, despois, declararon “non axustado a Dereito” o expediente de despido colectivo. Dito así, aparentemente soa como algo moi grave. Pero o que realmente significa é que os tribunais de xustiza non consideraron acreditada a existencia dunha causa económica xustificativa dos despedimentos nos termos previstos no artigo 35 do RD 1483/2012. Iso é todo, en realidade. As sentenzas confirman, en cambio, que o expediente estivo correctamente tramitado en todo momento, que os criterios de selección do persoal afectado se axustaron á lei e que se respectaron todas as garantías e dereitos. E precisamente por isto tanto o TSX de Galicia como o propio Tribunal Supremo desestimaron a petición do Comité de Empresa e do sindicato CCOO para que se declarase nulo o expediente. O expediente non é nulo, e polo tanto a Deputación non ten por qué readmitir aos traballadores, e o único efecto será que a indemnización se incrementa dos 20 días por ano traballado (aínda que a Deputación se comprometera a pagar 25 na negociación) ata os 45 días propios do despido improcedente. En canto a porqué o Tribunal Supremo non considerou acreditada a causa económica, a discusión céntrase nun debate puramente xurídico entre unha interpretación literal do artigo 35.3 do Real decreto aplicable (que foi a que acolleu a sentenza) ou unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

interpretación finalista (que foi a que defenderon os servizos xurídicos da Deputación). Este asunto xa foi explicado suficientemente polo Sr. secretario na comisión informativa, e ademais a motivación desa interpretación figura no propio expediente, e concretamente no informe de Secretaría de 4 de decembro de 2012. É certo que o Tribunal Supremo rexeita esa interpretación, pero tamén o é que o propio Tribunal afirma que non cabe descartar que a posición defendida polos nosos servizos xurídicos sexa a máis razoable, aínda que o Tribunal considera que debe prevalecer a interpretación de carácter literal (incluso asumindo implicitamente que esa interpretación literal sexa a menos razoable). O propio Tribunal advirte expresamente do “importante contido xurídico” do recurso de casación interposto polos servizos xurídicos da Deputación, o que demostra que a posición da Deputación neste asunto era razoable e baseábase en fundamentos sólidos, aínda que fose desestimada. O Grupo Popular entendeu e segue entendendo que a actuación da Deputación foi axeitada, ben fundamentada conforme cos informes técnicos e de xeito especial o do Sr. secretario xeral, de aí que non poidan votar a favor do que propoñen na moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que hai cousas que son inauditas, como dicirlle ao Grupo Socialista que tiña que defender a política de contratación desta casa (estánselle volvendo dar *cachetes* ao anterior presidente). Hoxe descubriron que a débeda era dun 116% e que estaba todo moi ben cando se debatían os orzamentos, pero chegou este presidente e agora todos din que estaba todo moi mal, entón hai que facer isto. Moitos dos despedimentos que fixo o Sr. presidente non responden a nada de todo o que dixo o Sr. Álvarez Dobaño. Pregúntalle á Sra. interventora en qué capítulo van as asistencias técnicas e esta responde que no capítulo II. Sabe que as asistencias técnicas son as contratacións que se fan para facer algún tipo de traballo. Desas hai moitas e na hipermodificación van algunhas. Pregunta a quen lle queren tomar o pelo. No EDC cargáronse a traballadores que ousaron presentarse nalgún concello para querer ser alcaldes do PP en contra das directrices que se lles daban desde aquí e ían en contra dalgún dos asesores que ten agora o Sr. presidente. A realidade é que se puxo á cincuenta na rúa e contratouse ao asesor que cobra o dobre. Foi un EDC selectivo, porque se nese EDC entrase algún dos familiares dos deputados do Grupo Popular seguramente non estarían dicindo o mesmo. Non se pode defender o indefendible e moito menos dicindo que a culpa é dos demais. Para rematar di que INORDE, URBAOURENSE, devolver máis de 12

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

millóns de euros, iso é todo unha barbaridade comparado co que formulou o presidente, e aínda por riba di que como aquí nos deben máis de 6 millóns de euros só teríamos que pagar 4, a cultura do troco; bota a vinte e pico persoas e non pasa nada, pero claro, sempre que non se toque a cúpula dos que están aquí. Se pensan ben o que defendían hai tres anos e pico e o que están defendendo agora tenlles que dar ata vergoña, e senón repasen as actas. Isto é unha tras outra e todos a dicir amén.

D. Lepoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que esta Deputación non ten contratado porque non pode (non llo permite a lei), pero de feito contratou a través dun subterfuxio legal (convenio coa Xunta) a máis de corenta persoas. En todo caso, isto vailles custar 500.000 euros máis aos contribuíntes. Isto é igual se vas xogar á ruleta, ao bingo, ou ao bacarrá con diñeiro público, pero como é diñeiro de todos non importa. Pregúntase cal foi a verdadeira razón do ERE. Para el foi unha purga que consistía en que había que botar a uns cantos que xa non servían, pero non había xustificación para podelo facer (botar a uns e quedar cos outros) entón tomouse a decisión salomónica de botar a todos e así non caben as suspicacias.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que molestarse en recompilar datos e brindarllos a todos é perder o tempo. Non sabe de onde se saca o da purga (a non ser que teñan experiencias internas). En canto ás asistencias técnicas, sabe que o Partido Socialista está moi posto nisto e non fai falta moverse moito do sitio para saber como son. Cinguíndose á moción que se presenta, di que nela se pide que se incoe un expediente para reclamar posibles responsabilidades patrimoniais neste asunto. Para que un expediente deste tipo teña sentido teñen que darse dúas circunstancias: primeiro, que haxa un dano patrimonial ou económico para a Deputación, e, segundo, que ese dano estea causado por unha negligencia grave dunha autoridade ou funcionario. Neste caso non se dá ningunha desas dúas condicións: en primeiro lugar, non hai un dano económico á Deputación; e non o hai, porque aínda coa indemnización complementaria que haberá que pagarlles aos traballadores despedidos (que xa está prevista nos orzamentos deste ano), o resultado para a Deputación é positivo: xa neste mesmo ano 2014 o expediente de despido suporá un aforro real de 165.000 euros, e a partir de 2015, aforraranse 785.000 euros cada ano. Como se viu ademais, e tal e como resulta da memoria xustificativa do expediente de despido, non había alternativa á redución de gasto de persoal por esta vía. Polo tanto, o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

resultado económico sería exactamente o mesmo que se acaba de producir coa sentenza. Co expediente, tentouse que ese resultado fose aínda mellor. Non se conseguiu, certo, pero iso non é ningunha negligencia grave. Pon como exemplo o ERE dun sindicato importante e desde a prudencia e o respecto quere pensar que os responsables dese ERE non o fixeron alegremente (readmisión e 720.00 euros máis). Con isto quere dicir que as decisións se toman e logo a interpretación do dereito é a que é. O Grupo Popular apoiouse no informe ben fundamentado do secretario xeral da Deputación e actuaron así porque entendían que estaban na razón.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en canto ao exemplo que puxo o Sr. Álvarez Dobaño do ERE do sindicato, di que se alegra polos traballadores, pero de todos modos non cre que os sindicatos teñan a solvencia económica que se di que ten a Deputación. O Sr. Álvarez Dobaño dixo que se fixo o EDC porque non quedaba outro remedio e pensa que xa está ben de dicir cousas que non se axustan á realidade, aínda que entenda que as teña que dicir. A realidade é que o Sr. presidente quixo vender unha cuestión coa que os deputados do grupo de goberno, tres anos antes, estaban en contra, xa que incluso para que el entrase aquí fixéronse montóns de contratos. Pero cando chegou ao cargo cargouse aos que non lle fixeron ese labor. Esa é a realidade e non por unha cuestión económica. Se todo vai ben, todos os que están aquí chegarán ao 2015 e asegura que nese ano se verá un incremento no capítulo de persoal, e non para os concellos que teñen asegurados, senón para outros, e se é así aquí estará el para repetir estas palabras. Xa se están pagando favores coas asistencias técnicas. Non discute o que se fai noutros sitios aínda que xa chega ben o que di o Sr. vicepresidente neses sitios, os membros do Grupo Socialista son bastante máis educados.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista que obtivo o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) polo que a moción queda rexeitada.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 4/2014, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

A Sra. interventora dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia o voto en contra do seu grupo, porque este expediente, ao igual que os demais, carece do máis mínimo rigor e está feito única e exclusivamente para pagar favores electorais nos concellos do Partido Popular, para seguir enterrando diñeiro nun organismo que é un comecartos e que non serve absolutamente para nada, como é o INORDE, e para a súa política favorita, a propaganda.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que esta modificación ten delito. O vicepresidente económico desta Deputación repite unha e outra vez no Concello de Ourense que fan hipermodificacións, facendo o traballo sucio do Partido Popular (non cre que os cidadáns o vaian premiar coa alcaldía). Na súa intervención anterior equivocouse, porque os 200.000 euros van para a partida de Estudos e traballos técnicos Corporación Provincial (observatorios, migratorios, para dicir que a provincia vai mal e que hai cinco parados menos nun concello onde xa non queda xente). Para atencións protocolarias e representativas van 25.000 euros, e suma e segue. O Grupo Socialista pediu documentación e non se lle dá e despois presumen de transparencia. Quere que a prensa se informe de que o presidente minte, que non é transparente e que non dá a información que se lle solicita. Manifesta que as modificacións orzamentarias non son malas, o malo son os criterios que se seguen para facelas, como esta, que de 15 concellos só hai un que non é do PP. Vólvese ao de sempre, facendo modificacións interesadas, aínda que hai cousas que teñen o seu sentido e coas que se podería chegar a un acordo, pero esa non é unha característica que teña este presidente. Outro apartado do expediente é para organismos administrativos INORDE con 150.000 euros, supón que será para vender as exposicións que recorren a provincia para loa do Sr. presidente. Anuncia que votarán en contra deste expediente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a boa xestión económica (guste ou non guste) que ven facendo o grupo de goberno co seu presidente á fronte nos últimos anos, deu como resultado que se tivese un remanente de tesourería para gastos xerais de case dezasete millóns de euros. Os expedientes de modificación de créditos son legais e, ás veces, necesarios e imprescindibles. Neste expediente, o número 4, estanse

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

a destinar aproximadamente 1.930.000 euros: para suplementos de crédito 1.500.000 euros e 426.000 euros para créditos extraordinarios. Supleméntase partidas para a previsión dos gastos que restan do exercicio económico: achegas aos consorcios de incendios (300.000 €); materiais para vías provinciais (60.000 €); combustibles para o servizo de recollida de lixo (50.000 €). Con respecto ao INORDE dille ao Sr. Gómez Pérez que antes de criticar se informe para o que van os cartos, que é para achegas a convenios que pretende facer a Deputación coa Xunta de Galicia (Volta ciclista), co Ministerio de Industria (Plan de emprendedores) e tamén para a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. Van subvencións a concellos por importe de 505.000 euros. Como créditos extraordinarios van 100.000 euros para mellora da estrada A Peroxa-Coles e unha partida moi importante de 200.000 euros para facer a achega que lle corresponde a esta Deputación no convenio asinado polas deputacións de Galicia con AGADER para o plan de mellora de camiños rurais en distintos concellos. Como se pode ver non hai nada que ocultar e todo está ben fundamentado e obedece ao dinamismo que se lle deu a esta Deputación e nesa teima están día a día.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que os expedientes sexan legais e ás veces imprescindibles habería que explicarllo ao Sr. vicepresidente, porque no Concello de Ourense parece que non o entende así. Xa dixo antes que estaba de acordo con que hai que facer algunha modificación, pero non con algúns criterios. Reitera que pediu información sobre os gastos de protocolo, publicidade e a día de hoxe aínda non se lle deu e neste expediente van 25.000 euros máis para o mesmo. Pensa que se se lles explicase antes do Pleno para onde van os cartos ao mellor non tería lugar o debate, pero nas comisións non se lles informa, así que non se lles pode botar a culpa de que non se informan.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
135.13/467.00	A Consorcios. Servizo de incendios Comarca da Limia	91.181,54
135.12/467.00	A Consorcios. Servizo de incendios Comarca de Verín	129.045,11
135.11/467.00	A Consorcios. Servizo de incendios Comarca de Valdeorras	79.032,17
920.01/226.02	Información e publicidade. Secretaría Xeral	10.000,00
231.11/480.01	Atencións benéficas e sociais nominativas. Acción social	5.000,00
334.16/226.02	Información e publicidade. Centro cultural	15.000,00
912.11/227.06	Estudios e traballos técnicos. Corporación Provincial	200.000,00
419.11/221.00	Enerxía eléctrica. Centro ecuestre Vilamarín	4.000,00
453.11/221.99	Materiais. Vías e obras provinciais	60.000,00
912.11/226.01	Atencións protocolarias e representativas. Corporación Provincial	25.000,00
313.11/221.04	Vestuario. Prevención de riscos laborais	3.000,00
323.16/221.01	Auga. Escola de danza	1.000,00
920.01/226.06	Reunións e conferencias. Secretaría Xeral	8.000,00
920.01/227.06	Estudios e traballos técnicos. Secretaría Xeral	30.000,00
453.11/226.99	Gastos menores. Vías e obras provinciais	3.000,00
162.35/221.03	Combustibles y carburantes. Unidade provincial de xestión do lixo	50.000,00
161.11/221.03	Combustibles e carburantes. Servizo de augas e medio ambiente	8.000,00
169.11/221.03	Combustibles e carburantes. Rede provincial de recollida de animais	4.000,00
342.11/221.00	Enerxía eléctrica. Pazo dos deportes Paco Paz	11.000,00
342.11/221.03	Combustibles e carburantes. Pazo dos deportes Paco Paz	8.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

453.12/221.03	Combustibles e carburantes. Parque de maquinaria	50.000,00
420.11/410.00	A Organismos administrativos. INORDE	150.633,33 €
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		944.892,15 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/762.01	A Concellos subvencións. Cooperación Provincial	505.157,08
920.11/623.00	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Pazo Provincial	40.000,00
179.11/721.09	A Confederación Hidrográfica do Miño. Medio natural	14.000,00
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		559.157,08 €

CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/750.00	A Xunta de Galicia. Cooperación Provincial	292.103,04
419.15/632.00	Edificios e outras construcións. Predio O Reino	34.000,00
453.11/609.02	Mellora estrada Peroxa- Coles. Vías provinciais	100.000,00
SUMA CRÉDITO EXTRAORDINARIO		426.103,04 €

RESUMO

Suma suplementos de Crédito	1.504.049,23 €
Suma créditos extraordinarios	426.103,04 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	1.930.152,27 €
--	-----------------------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense non estaba prevista a concreción do capítulo IV e VII de gastos a conceder no exercicio 2014, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria, así como doutras aplicacións orzamentarias cuxo crédito non precisa de tramitación plenaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/480.01**. Atencións benéficas e sociais nominativas. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Feaps Special Olympics Galicia	Xornada de convivencia O Carballiño	10.000,00
ADEGAL	Gastos de funcionamento	7.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Bola	Xornadas medioambientais	10.000,00
Concello de O Barco	Rúa Vicente Risco	40.000,00
Concello de Os Blancos	Covenio Ponte CH Miño- Sil	26.000,00
Concello de Xinzo de Limia	Infraestructuras municipais	60.000,00
Concello de Melón	Arranxo camiños municipais	50.000,00
Concello de Xunqueira de Ambía	Plan piloto desenvolvemento integral e desenrolo da economía rural	21.000,00
Concello de Muíños	Praza en Xermeade	30.000,00
Concello de Nogueira de Ramuín	Arranxo camiños	40.000,00
Concello de Bande	Mellora rede viaria	60.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Concello de Cartelle	Regas asfálticas en camiños municipais	50.000,00
Concello de Padrenda	Acceso a Seoane	43.000,00
Concello de Toén	Arranxos en Moreiras	50.000,00
Concello de Vilardevós	Praza Vilarello	49.000,00
Concello de Oímbra	Acceso camiños agrícolas	39.000,00
Concello de Porqueira	Obras en rede municipal	15.000,00

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DAS ENTIDADES LOCAIS.-

O **Sr. presidente** manifesta que os puntos 5º, 6º, 7º, 8º, 9º, 10º e 11º se corresponden con bases reguladoras de programas de cooperación cos concellos e, como xa se tratou entre os grupos, farase un debate conxunto e a votación será por separado, duplicándose o tempo de intervención, pasando de 8 a 16 minutos a primeira intervención, e de 4 a 8 minutos a segunda intervención.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez do BNG, manifesta que a el lle van sobrar quince minutos e medio na primeira intervención e a segunda xa non a vai utilizar. Adianta que o voto do BNG nestas bases e nas seguintes vai ser abstención. Non dubidan de que as bases supoñen un avance significativo respecto da política de subvencións practicada nesta casa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

durante tantos anos. Outra cousa é a discrecionalidade á hora de avaliar os proxectos e os criterios, cos que están en completo desacordo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que no Grupo Socialista valoraron moito incluso votar a favor destas bases, pero se van a abster. Entenden que as bases reguladoras están ben e que é un avance dentro do que se viña practicando, pero non lle poden dar a confianza total. As bases están elaboradas tecnicamente e seguro que cumpren ben, pero por exemplo hai contías máis elevadas na modificación de créditos para concellos do PP do que se dotan algunhas destas bases. Por exemplo no tema termal a cantidade é razoable dado que non son moitos os concellos que poidan acceder, pero hai outras dotadas con 150.000 euros que é pouco menos que nada e despois fanse modificacións de créditos na se lles dan 50.000 euros a mancomunidades que, ao mellor, non habería que darllos. Se se aplican os criterios como hai que aplicalos ao mellor, se volven outra vez, igual votan a favor, pero terá que esperar e ver como finalizan. Reitera a abstención do seu grupo nestas bases menos nunha, que vai ser a favor.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sen ánimo de reabrir o debate, dille ao Sr. Gómez Pérez que non é o mesmo facer unha modificación de créditos con remanente de tesourería para gastos xerais cun orzamento en vigor, que facer montóns de modificacións e non ser capaces de aprobar un orzamento. En canto ás bases di que son unha consecuencia clara da boa xestión que se leva feito nos últimos anos, coa axuda necesaria e inestimable do persoal da entidade. Ese remanente de tesourería permite que nos tempos difíciles como os que se están a pasar, se poidan facer estes sete programas: BenOurense, infancia e servizos complementarios (200.000 euros) e que se refire a algo que os concellos de menos de 5.000 habitantes aplaudirán, dado que algunhas garderías infantís tiveron que pechar ou quedar en suspenso pola falta de nenos e con este plan, o que o considere conveniente, poderá abrílas, así como os servizos complementarios tendentes a conciliar a vida familiar e laboral para os de menos de 20.000 habitantes (todos menos Ourense). Investimentos en materia de termalismo (300.000 euros), que será por concorrencia competitiva, non como no caso anterior no que se fará a distribución baixo criterios obxectivos claramente expostos nas bases. Para infraestruturas culturais, tamén por concorrencia competitiva, tamén van 300.000 euros. Para infraestruturas deportivas, tamén

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

por concorrencia competitiva, tamén van 300.000 euros. Para cooperación coas mancomunidades 300.000 euros, a súa distribución farase baixo os criterios obxectivos que se prevén nas bases. Para parques, xardíns e zonas verdes 200.000 euros por concorrencia competitiva. Para servizos culturais e deportivos 150.000 euros e a súa distribución tamén se fará baixo criterios obxectivos moi claros e determinados que recollen as bases. Es resumo, estase a falar de 1.750.000 euros, que con cargo a ese remanente de tesourería permite axudar aos concellos en algo que se ten solicitado reiteradamente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que menos mal que se van abster. Quere que quede claro que cando falou do Concello de Ourense non falou porque si, senón que é porque hai un señor que di unha cousa aquí e outra alí, non fala da administración. Tamén di que se os orzamentos non se aproban cando se está en minoría é responsabilidade de todos, tamén da oposición. En canto ás bases parécelle que hai partidas insuficientes. Apuntou o Sr. Álvarez Dobaño 1.750.000 euros pero a modificación de créditos anterior suma 1.900.000 euros. Anuncia que van a votar a favor das bases do programa BenOurense porque fixeron unha achega nas comisións para que isto se estendera aos centros rurais agrupados que cumpren un labor fundamental e que a Xunta quere eliminar.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación en primeiro lugar as bases correspondentes ao programa BenOurense Infancia e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa de cooperación BenOurense Infancia para concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia e servizos complementarios das entidades locais no exercicio 2014, co seguinte contido:

I.- Bases Xerais.

A) Obxecto do programa BenOurense Infancia:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación do procedemento para a tramitación e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa BenOurense Infancia. Este programa de subvencións ten por finalidade contribuír ó

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

financiamento dos Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI) e/ou dos servizos complementarios de atención á infancia, de titularidade das entidades locais da provincia.

O presente programa contempla dúas accións:

1º) Acción I: Puntos de Atención á Infancia (PAI).

Para os efectos da presente convocatoria enténdese como PAI aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en municipios de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio ós pais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo.

2º) Acción II: Servizos Complementarios de Atención á Infancia.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como servizo complementario de atención á infancia aqueles servizos de titularidade municipal ou intermunicipal que, en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado de nenos e nenas entre 3 e 11 anos de idade, fóra da xornada ordinaria dos centros escolares, actuando como soporte e apoio ás familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

B) Beneficiarios.

Poderán obter subvención ó abeiro do Programa BenOurense Infancia, os seguintes as entidades locais da provincia de Ourense que se indican a seguir cada modalidade de acción subvencionada:

Acción I: concellos de menos de 5.000 habitantes que contan cun PAI de titularidade municipal.

Acción II: entidades locais de menos de 20.000 habitantes, que contan cun centro que preste servizos de atencións a nenos e nenas de entre 3 e 11 anos de idade, cando menos, cinco días da semana durante once meses ó ano, exceptuados os días festivos. Esta esixencia xustifícase pola necesidade de que os centros subvencionados adapten o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais, nais ou titores dos nenos.

C).- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido no artigo 7.2 e) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP de Ourense nº 296, do 28 de decembro de 2009),

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes vía telemática de conformidade co previsto nestas bases.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na sede electrónica da Deputación, na dirección <http://benourense.depourense.es>

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde, presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma antes da data que se establecerá pola Presidencia da Deputación e se fará pública oportunamente na dirección <http://benourense.depourense.es>, na sede electrónica da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior á sinalada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a emenda de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión automática da entidade local ó programa, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase expresamente a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no programa, causando baixa nas súas previsións. Neste suposto, os remanente de cofinanciamento que queden dispoñibles incrementarán o importe do cofinanciamento destinado a cada unha das accións obxecto de subvención, distribuíndose entre as entidades adheridas conforme os criterios establecidos nas regras de distribución das subvencións contidas nas bases II e III respectivamente.

D) Réxime xurídico das subvencións previstas no presente Programa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

E) Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

E.1) Pagamento anticipado do 40% sobre o máximo de subvención previsto para cada entidade local adherida:

Antes do 15 de outubro de 2014, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 40 % do importe máximo de subvención previsto a cada entidade local adherida.

E. 2) Xustificación e pagamento final.

1. As entidades locais beneficiarias deberán xustificar tanto a prestación dos servizos subvencionados como os gastos correspondentes durante o exercicio 2014, facendo uso dos formularios normalizados que se deberán obter, cubrir, validar e imprimir dende a sede electrónica da Deputación. Os formularios conterán:

- Memoria da execución do servizo subvencionado.*
- Relación de documentos xustificativos dos gastos devindicados. Consideraranse documentos xustificativos as facturas e documentos de valor probatorio análogo admitidos no tráfico mercantil, así como as nóminas e documentos de ingreso de retencións de salarios e cotas da Seguridade Social.*
- Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- *Declaración responsable do conxunto de tódalas subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.*
- *Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.*

Para estes efectos, consideraranse gastos dos servizos subvencionados os gastos de carácter corrente necesarios para o seu funcionamento, devindicados única e exclusivamente na anualidade 2014, obxecto da presente convocatoria.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluí-los referidos gastos.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na lexislación de subvencións aplicable.

2. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 16 de decembro de 2014.

O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 15 de decembro de 2014 e poderase conceder sempre que se aprecie causa xustificada, como máximo ata o 25 de xaneiro de 2015. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pagamento da subvención, a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

E.3) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial declarará a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. A obriga de reintegro e a perda do dereito ás subvencións serán declarados pola Xunta de Goberno, previa a tramitación do correspondente expediente contraditorio.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda.

F) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2014 e 2015. O control financeiro incluírá actuacións de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

G) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, para o que se lles farán chegar as normas de información e publicidade que deberán observarse. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 10 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado.

H) Disponibilidades orzamentarias.

As subvencións obxecto da presente convocatoria intégranse na liña de acción do Programa Provincia de Asistencia ós concellos e Mancomunidades para a xestión de Puntos de Atención á Infancia, contemplada no apartado C.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2014, plan de acción V.

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2014 por importe de 200.000 € (douscentos mil euros).

II) Bases relativas á Acción 1: Puntos de Atención á Infancia (PAI).

II.1 Obxecto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

En virtude desta actuación a Deputación Provincial subvencionará o funcionamento do Puntos de Atención á Infancia (PAI) situados en municipios de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar atención de apoio ós pais, nais, titores e gardadores dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos de idade, e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo.

A través desta acción a Deputación subvencionará os gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o funcionamento do servizo.

Para as subvencións concedidas ó abeiro desta Acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2014 por importe de 140.000 € (cento corenta mil euros).

II. 2 Contía da subvención.

O importe da subvención determínase mediante un tramo fixo, igual para tódolos PAI's subvencionados, e un tramo variable, determinado en función das prazas ofertadas en cada centro, da forma seguinte:

- a) *Contía de tramo fixo: o importe do 80% do orzamento total previsto para esta Acción I dividirase entre o número de PAIs incluídos na acción, asignándose a cota resultante a cada PAI.*

112.000 € / núm. de PAIs adheridos = Contía económica por PAI- Tramo fixo.

- b) *Contía de tramo variable: o importe do 20% do orzamento total previsto para esta Acción I, dividirase entre o número de prazas ofertadas polo conxunto dos PAI. A contía de cada subvención será o resultado de multiplicar o cociente obtido polo número concreto de prazas ofertadas en cada un dos PAI, do xeito seguinte:*

28.000 € (20% de 140.000€) / núm. Total de prazas ofertadas polos PAIs = contía Económica por praza.

Contía económica por praza X núm. De prazas do PAI = contía económica total que percibirá cada PAI

III. Bases relativa á Acción II. Servizos complementarios de atención á infancia.

III. 1 Obxecto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

En virtude desta acción, a Deputación subvencionará os gastos inherentes o funcionamento daqueles servizos de titularidade municipal ou intermunicipal que, en xornada diúrna, desenvolvan funcións de apoio de atención e coidado fora da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 11 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través desta acción a Deputación subvencionará os gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o funcionamento do servizo.

Para as subvencións concedidas nesta Acción resérvase crédito na aplicación 231.11/462.01 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2014 por importe de 60.000 € (sesenta mil euros).

III.2. Contía da subvención.

O importe da subvención por entidade local determinarase do seguinte xeito:

A contía máxima estimada de subvención establécese por aplicación da ratio por praza ofertada equivalente a un máximo de 1.500 €, sempre que este importe non exceda do 100% do custe total da praza ofertada polo servizo complementario.

Este máximo manterase sempre que o número de prazas ofertadas no conxunto dos servizos complementarios que obteñan subvención o permita, en caso contrario dividiranse as prazas ofertadas polo conxunto dos servizos complementarios subvencionados polo importe total previsto para esta subvención para determinar o importe máximo por praza, que igualmente quedará condicionado a non superar o 100 % dos custes que se xustifiquen.

No caso de que o número de servizos complementarios solicitantes non esgote a contía total de subvención prevista para esta Acción, o seu exceso pasará a incrementar a contía da Acción I e repartirase conforme os criterios de distribución previstos na Base II.

2º) De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

6º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE TERMALISMO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.-

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación as bases reguladoras e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de termalismo correspondente ó exercicio 2014, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos en materia de termalismo para o exercicio 2014. A finalidade deste Programa é a concesión de subvencións ós concellos para a realización de investimentos en infraestruturas municipais que sirvan para a potenciación da oferta de turismo termal na provincia, mediante un procedemento de concorrencia competitiva.

2ª) Proxectos de investimentos subvencionables:

1. Poderán obter subvención no marco do Programa regulado nas presentes bases, como beneficiarios, os concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, para a execución de proxectos de investimentos en infraestruturas municipais que sirvan para a potenciación da oferta de turismo termal.

2. Para estes efectos, consideraranse subvencionables os seguintes investimentos:

a) A realización de investimentos en establecementos de titularidade municipal para a prestación de servizos relacionados co termalismo.

b) A realización de investimentos complementarios dos anteriores, entendendo por tales aqueles que potencien as infraestruturas termais existentes, mediante a adecuación, mellora ou posta en valor de espazos urbanos ou rurais na contorna das infraestruturas termais, mediante a mellora da accesibilidade ás ditas infraestruturas o mediante calquera outra acción que, de xeito directo, contribúa a mellorar ou complementar a oferta de servizos termais do municipio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

3. Os proxectos presentados deberán, ademais, cumprir os seguintes requisitos:

a) A contía do investimento total será, como mínimo, de 6.000,00 €, IVE incluído.

b) A súa contratación se levará a cabo no exercicio 2014 e a súa execución nos exercicios 2014 ou 2015.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables os que, tendo este carácter conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, correspondan a gastos de capital propios dos proxectos de investimento presentados polos concellos beneficiarios.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención poderá acadar ata o 100 % do investimento total, e, como máximo, a contía de 50.000,00 €.

Poderá subvencionarse máis dun proxecto de investimento por concello, sen que en ningún caso ningún concello poida obter en conxunto, ó abeiro da presente convocatoria, subvencións por importe superior a 50.000,00€.

En ningún caso haberá lugar ó incremento da subvención nos supostos nos que o custe real do proxecto superase ó estimado polo concello no proxecto presentado. No caso de adquisición de bens ou dereitos mediante expropiación forzosa, a subvención concederáse por referencia ó custe estimado no proxecto presentado, sen que os posteriores incrementos do prezo como resultado do procedemento expropiatorio poidan alegarse para solicitar un incremento da subvención concedida.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 313.31/762.00 dos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, por importe global máximo de 300.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes, subscritas polo alcalde do concello interesado, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- *Certificación do acordo de aprobación do proxecto de investimento, adoptado polo órgano competente, no que se asume o compromiso de financiamento da parte non subvencionada do proxecto e se declare expresamente a súa conformidade coa ordenación urbanística aplicable.*
- *Proxecto de investimento. No caso de realización de obras, remitirase proxecto básico asinado por técnico competente ou memoria descritiva valorada, no caso de non ser preceptivo o proxecto segundo a lexislación vixente. No resto de casos, achegarase unha memoria descritiva do investimento, xustificando a súa necesidade para a infraestrutura termal ou complementaria de que se trate.*
- *Declaración, subscrita polo alcalde, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.*
- *Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas ou concedidas para ese mesmo proxecto de investimento.*

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ó Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez realizado o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme ós criterios de adxudicación recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- *A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- *O secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- *O xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa*
- *Un deputado, designado pola Presidencia.*

Actuará como secretario da Comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos ós deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a Comisión de Valoración aplicará os seguintes criterios:

Ata 50 puntos, en función do orzamento, asignándose 50 puntos ó investimento de maior orzamento, e puntuándose o resto en proporción. Terase en conta o orzamento total, IVE incluído.

Ata 10 puntos, en función da poboación de Dereito do concello, outorgando 10 puntos ó concello de menor poboación, e puntuando ó resto en proporción inversa. Terase en conta a poboación de Dereito segundo a derradeira cifra oficial de poboación aprobada.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito destinado ó programa entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta as seguintes regras:

a) Ningún proxecto poderá recibir subvención por importe superior ó seu orzamento nin á cifra de 50.000 euros

b) Ningún concello poderá recibir subvencións, no conxunto de proxectos que presente, por importe superior a 50.000 euros.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

4. A comisión de valoración puntuará os proxectos de solicitude formulados conforme ós criterios sinalados, e proporá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgota-lo crédito dispoñible.

5. Non obstante as regras anteriores, nos supostos en que debido ó número de solicitudes, o importe das subvencións para conceder resulte desproporcionadamente baixo, a comisión de valoración poderá establecer un límite mínimo de puntuación para a concesión da subvención de, como máximo, 20 puntos, denegándose a subvención a todos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima fixada.

9ª) Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunica-lo rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios, contía das subvencións concedidas e denominación dos proxectos subvencionados. Ó abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual a tódolos efectos.

11ª) Xustificación da contratación do investimento e anticipo da subvención:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Os concellos beneficiarios deberán acreditar ante a Deputación, antes do 15 de decembro de 2014, a contratación do investimento subvencionado, mediante certificación expedida polo secretario do concello. Nesta certificación indicárase a conta corrente do concello para a realización do pagamento anticipado previsto no parágrafo seguinte. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación da contratación determinará o libramento anticipado, por parte da Deputación, do 50 % do importe da subvención concedida.

A falla de xustificación da contratación no dito prazo determinará a perda do dereito á subvención, que será declarada pola Xunta de Goberno, previo expediente contradictorio.

12ª) Xustificación e pago da subvención:

1. A execución do proxecto de investimento xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Documentos xustificativos do gasto realizado, consistentes no seguinte:

- No caso de realización de obras que esixan proxecto técnico, mediante a presentación da correspondente acta de recepción e liquidación, así como das certificacións de obra expedidas pola dirección facultativa, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarase certificación do acordo ou acordos correspondentes.

- No caso de gastos de expropiación, mediante a presentación do correspondente convenio expropiatorio ou do acordo de fixación do prezo xusto.

- No resto de casos, mediante a presentación das facturas ou documentos acreditativos da realización do investimento subvencionado, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarase certificación do acordo ou acordos correspondentes.

B) Certificación do secretario-interventor das subvencións ou axudas públicas concedidas para o proxecto.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto deberá acreditarse a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente.

Nos supostos en que o proxecto se modificase durante a súa execución, pero se mantivese a súa contía, considerarase validamente xustificada a subvención, sempre que o obxecto do proxecto manteña a súa condición de subvencionable conforme ó establecido nas presentes bases. Neste casos, o concello deberá achegar, previa ou simultaneamente ó trámite de xustificación, a certificación do acordo municipal de modificación do proxecto e o documento onde se reflicta o contido da dita modificación.

5. Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do investimento, naqueles supostos nos que a documentación presentada suscite dúbidas razoables sobre a realidade do investimento realizado.

6. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 30 de xuño de 2015. Non obstante, os concellos poderán solicitar unha prórroga do prazo, por causas debidamente xustificadas. Corresponderá á Presidencia a concesión de prórroga, sen que esta poida exceder do 30 de setembro de 2015.

A solicitude de prórroga deberá en todo caso, presentarse ante a Deputación antes do vencemento do prazo ordinario, sen que en ningún caso se poidan conceder prórrogas solicitadas con posterioridade ó 30 de xuño.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

No caso de subvencións non xustificadas en prazo, a Xunta de Goberno declarará a perda do dereito á subvención, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago do 50 % restante da subvención realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada polo concello beneficiario.

13ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei.

14ª) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ó abeiro da presente convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para o mesmo proxecto, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere o 100 % do custe total do proxecto.

15ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º) De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS CULTURAIS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación as bases reguladoras e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos para a execución de infraestruturas culturais correspondente ó exercicio 2014, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa Provincial de Cooperación en Infraestruturas Culturais Municipais para o exercicio 2014. A finalidade deste Programa é a concesión de subvencións ós concellos para a realización de investimentos en infraestruturas culturais municipais, mediante un procedemento de concorrencia competitiva.

2ª) Proxectos de investimentos subvencionables:

1. Poderán obter subvención no marco do Programa regulado nas presentes bases, como beneficiarios, os concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, para a execución de proxectos de investimentos en infraestruturas deportivas que reúnan as seguintes características:

a) Que teñan por obxecto a creación, reforma, reparación ou equipamento de infraestruturas culturais destinadas ó uso público.

b) Que a contía do investimento total sexa, como mínimo, de 6.000,00 €, IVE incluído.

c) Que a súa contratación se leve a cabo no exercicio 2014 e a súa execución nos exercicios 2014 ou 2015.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables os que, tendo este carácter conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, correspondan a gastos de capital propios dos proxectos de investimento presentados polos concellos beneficiarios.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención poderá acadar ata o 100 % do investimento total, e, como máximo, a contía de 75.000,00 €.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Poderá subvencionarse máis dun proxecto de investimento por concello, sen que en ningún caso ningún concello poida obter en conxunto, ó abeiro da presente convocatoria, subvencións por importe superior a 75.000,00€.

En ningún caso haberá lugar ó incremento da subvención nos supostos nos que o custe real do proxecto superase ó estimado polo concello no proxecto presentado. No caso de adquisición de bens ou dereitos mediante expropiación forzosa, a subvención concederáse por referencia ó custe estimado no proxecto presentado, sen que os posteriores incrementos do prezo como resultado do procedemento expropiatorio poidan alegarse para solicitar un incremento da subvención concedida.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 334.13/762.00 dos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, por importe global máximo de 300.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes, subscrias polo alcalde do concello interesado, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- *Certificación do acordo de aprobación do proxecto de investimento, adoptado polo órgano competente, no que se asume o compromiso de financiamento da parte non subvencionada do proxecto e se declare expresamente a súa conformidade coa ordenación urbanística aplicable.*
- *Proxecto de investimento. No caso de realización de obras, remitirase proxecto básico asinado por técnico competente ou memoria descritiva valorada, no caso de non ser preceptivo o proxecto segundo a lexislación vixente. No resto de casos, achegarase unha memoria descritiva do investimento, xustificando a súa necesidade para a infraestrutura cultural de que se trate.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- *Declaración, subscrita polo alcalde, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.*
- *Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas ou concedidas para ese mesmo proxecto de investimento.*

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ó Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme ós criterios de adxudicación recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o Presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- *A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- *O secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- *O xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa*
- *Un deputado, designado pola Presidencia.*

Actuará como secretario da Comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos ós deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a Comisión de Valoración aplicará os seguintes criterios:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Ata 50 puntos, en función do orzamento, asignándose 50 puntos ó investimento de maior orzamento, e puntuándose o resto en proporción. Terase en conta o orzamento total, IVE incluído.

Ata 10 puntos, en función da poboación de Dereito do concello, outorgando 10 puntos ó concello de menor poboación, e puntuando ó resto en proporción inversa. Terase en conta a poboación de Dereito segundo a derradeira cifra oficial de poboación aprobada.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito destinado ó programa entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta as seguintes regras:

a) Ningún proxecto poderá recibir subvención por importe superior ó seu orzamento nin á cifra de 75.000 euros

b) Ningún concello poderá recibir subvencións, no conxunto de proxectos que presente, por importe superior a 75.000 euros.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A comisión de valoración puntuará os proxectos de solicitude formulados conforme ós criterios sinalados, e proporá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgota-lo crédito dispoñible.

5. Non obstante o anterior, nos supostos nos que debido ó número de proxectos solicitados o importe das subvencións a conceder resulte desproporcionadamente baixo, a comisión de valoración poderá establecer un límite mínimo de acceso á subvención de como máximo 20 puntos, denegándose a concesión de subvención para os proxectos que non alcance a puntuación mínima establecida.

9ª) Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunica-lo rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios, contía das subvencións concedidas e denominación dos proxectos subvencionados. Ó abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual a tódolos efectos.

11ª) Xustificación da contratación do investimento e anticipo da subvención:

Os concellos beneficiarios deberán acreditar ante a Deputación, antes do 15 de decembro de 2014, a contratación do investimento subvencionado, mediante certificación expedida polo secretario do concello. Nesta certificación indicarse a conta corrente do concello para a realización do pagamento anticipado previsto no parágrafo seguinte. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación da contratación determinará o libramento anticipado, por parte da Deputación, do 50 % do importe da subvención concedida.

A falla de xustificación da contratación no dito prazo determinará a perda do dereito á subvención, que será declarada pola Xunta de Goberno, previo expediente contraditorio.

12ª) Xustificación e pago da subvención:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

1. A execución do proxecto de investimento xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Documentos xustificativos do gasto realizado, consistentes no seguinte:

- No caso de realización de obras que esixan proxecto técnico, mediante a presentación da correspondente acta de recepción e liquidación, así como das certificacións de obra expedidas pola dirección facultativa, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarase certificación do acordo ou acordos correspondentes.

- No caso de gastos de expropiación, mediante a presentación do correspondente convenio expropiatorio ou do acordo de fixación do prezo xusto.

- No resto de casos, mediante a presentación das facturas ou documentos acreditativos da realización do investimento subvencionado, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarase certificación do acordo ou acordos correspondentes.

B) Certificación do secretario-interventor das subvencións ou axudas públicas concedidas para o proxecto.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto deberá acreditarse a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente.

Nos supostos en que o proxecto se modificase durante a súa execución, pero se mantivese a súa contía, considerarase validamente xustificada a subvención, sempre que o obxecto do proxecto manteña a súa condición de subvencionable conforme ó establecido nas presentes bases. Neste casos, o concello deberá achegar, previa ou simultaneamente ó trámite de xustificación, a certificación do acordo municipal de modificación do proxecto e o documento onde se reflecta o contido da dita modificación.

5. Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do investimento, naqueles supostos nos que a documentación presentada suscite dúbidas razoables sobre a realidade do investimento realizado.

6. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 30 de xuño de 2015. Non obstante, os concellos poderán solicitar unha prórroga do prazo, por causas debidamente xustificadas. Corresponderá á Presidencia a concesión de prórroga, sen que esta poida exceder do 30 de setembro de 2015.

A solicitude de prórroga deberá en todo caso, presentarse ante a Deputación antes do vencemento do prazo ordinario, sen que en ningún caso se poidan conceder prórrogas solicitadas con posterioridade ó 30 de xuño.

No caso de subvencións non xustificadas en prazo, a Xunta de Goberno declarará a perda do dereito á subvención, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago do 50 % restante da subvención realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada polo concello beneficiario.

13ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei.

14ª) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

As subvencións concedidas ó abeiro da presente convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para o mesmo proxecto, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere o 100 % do custe total do proxecto.

15ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º) De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.-

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación as bases reguladoras e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos para a execución de infraestruturas deportivas correspondente ó exercicio 2014, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa Provincial de Cooperación en Infraestruturas Deportivas Municipais para o exercicio 2014. A finalidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

deste Programa é a concesión de subvencións ós concellos para a realización de investimentos en infraestruturas deportivas municipais, mediante un procedemento de concorrencia competitiva.

2ª) Proxectos de investimentos subvencionables:

1. Poderán obter subvención no marco do Programa regulado nas presentes bases, como beneficiarios, os concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, para a execución de proxectos de investimentos en infraestruturas deportivas que reúnan as seguintes características:

a) Que teñan por obxecto a creación, reforma, reparación ou equipamento de infraestruturas municipais destinadas ó uso deportivo público.

b) Que a contía do investimento total sexa, como mínimo, de 6.000,00 €, IVE incluído.

c) Que a súa contratación se leve a cabo no exercicio 2014 e a súa execución nos exercicios 2014 ou 2015.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables os que, tendo este carácter conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, correspondan a gastos de capital propios dos proxectos de investimento presentados polos concellos beneficiarios.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención poderá acadar ata o 100 % do investimento total, e, como máximo, a contía de 50.000,00 €.

Poderá subvencionarse máis dun proxecto de investimento por concello, sen que en ningún caso ningún concello poida obter en conxunto, ó abeiro da presente convocatoria, subvencións por importe superior a 50.000,00€.

En ningún caso haberá lugar ó incremento da subvención nos supostos nos que o custe real do proxecto superase ó estimado polo concello no proxecto presentado. No caso de adquisición de bens ou dereitos mediante expropiación forzosa, a subvención concederáse por referencia ó custe estimado no proxecto presentado, sen que os posteriores incrementos do prezo como resultado do procedemento expropiatorio poidan alegarse para solicitar un incremento da subvención concedida.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 341.11/762.00 dos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, por importe global máximo de 300.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes, subscrias polo alcalde do concello interesado, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- *Certificación do acordo de aprobación do proxecto de investimento, adoptado polo órgano competente, no que se asume o compromiso de financiamento da parte non subvencionada do proxecto e se declare expresamente a súa conformidade coa ordenación urbanística aplicable.*
- *Proxecto de investimento. No caso de realización de obras, remitirase proxecto básico asinado por técnico competente ou memoria descritiva valorada, no caso de non ser preceptivo o proxecto segundo a lexislación vixente. No resto de casos, achegarse unha memoria descritiva do investimento, xustificando a súa necesidade para a infraestrutura deportiva municipal de que se trate.*
- *Declaración, subscria polo alcalde, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.*
- *Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas ou concedidas para ese mesmo proxecto de investimento.*

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ó Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme ós criterios de adxudicación recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- O secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- O xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.*
- Un deputado, designado pola Presidencia.*

Actuará como secretario da Comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos ós deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a Comisión de Valoración aplicará os seguintes criterios:

Ata 50 puntos, en función do orzamento, asignándose 50 puntos ó investimento de maior orzamento, e puntuándose o resto en proporción. Terase en conta o orzamento total, IVE incluído.

Ata 10 puntos, en función da poboación de Dereito do concello, outorgando 10 puntos ó concello de menor poboación, e puntuando ó resto en proporción inversa. Terase en conta a poboación de Dereito segundo a derradeira cifra oficial de poboación aprobada.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito destinado ó programa entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

3. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta as seguintes regras:

a) Ningún proxecto poderá recibir subvención por importe superior ó seu orzamento nin á cifra de 50.000 euros

b) Ningún concello poderá recibir subvencións, no conxunto de proxectos que presente, por importe superior a 50.000 euros.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A comisión de valoración puntuará os proxectos de solicitude formulados conforme ós criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgota-lo crédito dispoñible.

5. Non obstante as regras anteriores, nos supostos en que debido ó número de solicitudes, o importe das subvencións para conceder resulte desproporcionadamente baixo, a comisión de valoración poderá establecer un límite mínimo de puntuación para a concesión da subvención de, como máximo, 20 puntos, denegándose a subvención a todos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima fixada.

9ª) Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunica-lo rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios, contía das subvencións concedidas e denominación dos proxectos subvencionados. Ó abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para tódolos efectos.

11ª) Xustificación da contratación do investimento e anticipo da subvención:

Os concellos beneficiarios deberán acreditar ante a Deputación, antes do 15 de decembro de 2014, a contratación do investimento subvencionado, mediante certificación expedida polo secretario do concello. Nesta certificación indicarse a conta corrente do concello para a realización do pagamento anticipado previsto no parágrafo seguinte. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación da contratación determinará o libramento anticipado, por parte da Deputación, do 50 % do importe da subvención concedida.

A falla de xustificación da contratación no dito prazo determinará a perda do dereito á subvención, que será declarada pola Xunta de Goberno, previo expediente contraditorio.

12ª) Xustificación e pago da subvención:

1. A execución do proxecto de investimento xustificarse mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Documentos xustificativos do gasto realizado, consistentes no seguinte:

- No caso de realización de obras que esixan proxecto técnico, mediante a presentación da correspondente acta de recepción e liquidación, así como das certificacións de obra expedidas pola dirección facultativa, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarase certificación do acordo ou acordos correspondentes.

- No caso de gastos de expropiación, mediante a presentación do correspondente convenio expropiatorio ou do acordo de fixación do prezo xusto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- No resto de casos, mediante a presentación das facturas ou documentos acreditativos da realización do investimento subvencionado, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarase certificación do acordo ou acordos correspondentes.

B) Certificación do secretario-interventor das subvencións ou axudas públicas concedidas para o proxecto.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto deberá acreditarse a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente.

Nos supostos en que o proxecto se modifícase durante a súa execución, pero se mantívese a súa contía, considerarase validamente xustificada a subvención, sempre que o obxecto do proxecto manteña a súa condición de subvencionable conforme ó establecido nas presentes bases. Neste casos, o concello deberá achegar, previa ou simultaneamente ó trámite de xustificación, a certificación do acordo municipal de modificación do proxecto e o documento onde se reflicta o contido da dita modificación.

5. Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

do investimento, naqueles supostos nos que a documentación presentada suscite dúbidas razoables sobre a realidade do investimento realizado.

6. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 30 de xuño de 2015. Non obstante, os concellos poderán solicitar unha prórroga do prazo, por causas debidamente xustificadas. Corresponderá á Presidencia a concesión de prórroga, sen que esta poida exceder do 30 de setembro de 2015.

A solicitude de prórroga deberá en todo caso, presentarse ante a Deputación antes do vencemento do prazo ordinario, sen que en ningún caso se poidan conceder prórrogas solicitadas con posterioridade ó 30 de xuño.

No caso de subvencións non xustificadas en prazo, a Xunta de Goberno declarará a perda do dereito á subvención, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago do 50 % restante da subvención realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada polo concello beneficiario.

13ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei.

14ª) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ó abeiro da presente convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para o mesmo proxecto, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere o 100 % do custe total do proxecto.

15ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º) De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

9º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COAS MANCOMUNIDADES DE CONCELLOS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación as bases reguladoras e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa de cooperación coas mancomunidades de concellos correspondente ó exercicio 2014, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa Provincial de Cooperación coas Mancomunidades de Concellos para o exercicio 2014. A finalidade deste Programa é a contribución ó sostemento económico destas entidades intermunicipais, mediante a subvención dunha porcentaxe dos seus gastos de funcionamento.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do Programa regulado nas presentes bases as mancomunidades de concellos legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que con data 30 de xuño de 2014, teñan iniciado o trámite de adaptación dos seus estatutos ó disposto no artigo 44 da Lei de bases de réxime local, conforme ó establecido na Disposición Transitoria 11ª da Lei de racionalización e sostibilidade da administración local.

b) Que se atopen ó día nas súas obrigas de rendición de contas ante o Consello de Contas de Galicia. Para estes efectos, considerarase que se atopan ó día as mancomunidades que teñan rendido a conta xeral do exercicio 2012.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

2. *Terán a consideración de gastos subvencionables os que, tendo este carácter conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, correspondan a gastos correntes da mancomunidade do exercicio 2014, excluídos en todo caso os seguintes:*

a) As retribucións e indemnizacións de cargos electos da mancomunidade.

b) Os gastos para cuxo financiamento existen xa liñas de subvención da Deputación Provincial correspondentes ó exercicio 2014. Estes gastos comprenden os gastos de servizos sociais financiados a través do programa BenOurense 2014 e os gastos de puntos de atención á infancia e servizos complementarios de atención á infancia financiados a través do Programa BenOurense Infancia 2014. Comprenden, igualmente, os gastos que sexan obxecto de financiamento a través de subvencións nominativas.

c) Os gastos correspondentes ós servizos de recollida e transferencia de residuos sólidos urbanos.

d) Os gastos correntes que sexan obxecto de subvención por calquera outra administración pública.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada mancomunidade poderá acadar a contía máxima de 50.000,00 €.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 166.11/463.00 dos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, por importe global máximo de 300.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes, subscritas polo presidente da mancomunidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- *Certificación do secretario da mancomunidade na que conste a cifra do gasto corrente autorizado no orzamento vixente no exercicio 2014, excluídos os gastos non subvencionables recollidos nos apartados a), b) e c) na base 2ª apartado 2.*

- *Certificación do secretario da mancomunidade, acreditativa de que, con data 30 de xuño de 2014 ou anterior, a mancomunidade iniciou o trámite de adaptación dos seus estatutos ó disposto no artigo 44 da Lei de bases de réxime local, conforme ó establecido na Disposición Transitoria 11ª da Lei de racionalización e sostibilidade da administración local.*

- *Certificación do secretario da mancomunidade acreditativo de que a mancomunidade se atopa ó día nas súas obrigas de rendición de contas ante o Consello de Contas de Galicia, tendo presentada ante ese órgano a conta xeral do exercicio 2012.*

- *Declaración, subscrita polo presidente, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.*

- *Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola mancomunidade ou que lle fosen concedidas no exercicio 2014 para gastos correntes realizados nese mesmo exercicio.*

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ó Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme ós criterios de adxudicación recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- *A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- *O secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- *O xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa*
- *Un deputado, designado pola Presidencia.*

Actuará como secretario da Comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos ós deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a Comisión de Valoración aplicará os seguintes criterios:

Ata 50 puntos, en función do orzamento de gastos correntes subvencionables certificado polo secretario da mancomunidade, asignándose 50 puntos ó maior gasto previsto, e puntuándose o resto en proporción.

Ata 10 puntos, en función da poboación de Dereito da suma dos concellos que integran a mancomunidade, outorgando 10 puntos á maior poboación, e puntuando o resto en proporción. Terase en conta a poboación de Dereito segundo a derradeira cifra oficial de poboación aprobada.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito destinado ó programa entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada mancomunidade determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha mancomunidade poderá recibir subvención por importe superior ó seu orzamento de gasto corrente subvencionable nin á cifra de 50.000 euros

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A comisión de valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme ós criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgota-lo crédito dispoñible.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

9ª) Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunica-lo rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das subvencións concedidas. Ó abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para tódolos efectos.

11ª) Xustificación da subvención:

As mancomunidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 15 de decembro de 2014. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario da mancomunidade na que se indique a contía do gasto corrente subvencionable que foi obxecto de disposición ou compromiso de gasto no exercicio 2014. Nesta certificación indícarase expresamente que os gastos certificados non se atopan en ningún dos supostos de gasto non subvencionable previstos na base 2ª:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

B) *Certificación do secretario da mancomunidade das subvencións ou axudas públicas concedidas para gastos correntes de 2014.*

C) *Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.*

3. *Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. *De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto corrente por unha contía igual ou superior á presentada na certificación de gasto subvencionable orzamentado que serviu de base para a valoración da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.*

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

12ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, as mancomunidades beneficiarias asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei.

13ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

2º) De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

10º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación as bases reguladoras e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en parques, xardíns e zonas verdes, correspondente ó exercicio 2014, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa Provincial de Cooperación en Parques, Xardíns e Zonas Verdes Municipais para o exercicio 2014. A finalidade deste Programa é a concesión de subvencións ós concellos para a realización de investimentos en parques, xardíns e zonas verdes municipais, mediante un procedemento de concorrencia competitiva.

2ª) Proxectos de investimentos subvencionables:

1. Poderán obter subvención no marco do Programa regulado nas presentes bases, como beneficiarios, os concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, para a execución de proxectos de investimentos en parques, xardíns e zonas verdes municipais que reúnan as seguintes características:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

a) *Que teñan por obxecto a creación, reforma, reparación ou equipamento de parques, xardíns e zonas verdes municipais destinadas ó uso público.*

b) *Que a contía do investimento total sexa, como mínimo, de 6.000,00 €, IVE incluído.*

c) *Que a súa contratación se leve a cabo no exercicio 2014 e a súa execución nos exercicios 2014 ou 2015.*

En ningún caso se admitirán como subvencionables a execución de investimentos en parques, xardíns ou zonas verdes cando, de conformidade coa lexislación urbanística aplicable, os ditos investimentos correspondan ós promotores dunha actuación urbanística de carácter sistemático.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables os que, tendo este carácter conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, correspondan a gastos de capital propios dos proxectos de investimento presentados polos concellos beneficiarios.

3ª) Contía das subvencións:

A subvención poderá acadar ata o 100 % do investimento total, e, como máximo, a contía de 50.000,00 €.

Poderá subvencionarse máis dun proxecto de investimento por concello, sen que en ningún caso ningún concello poida obter en conxunto, ó abeiro da presente convocatoria, subvencións por importe superior a 50.000,00€.

En ningún caso haberá lugar ó incremento da subvención nos supostos nos que o custe real do proxecto superase ó estimado polo concello no proxecto presentado. No caso de adquisición de bens ou dereitos mediante expropiación forzosa, a subvención concederáse por referencia ó custe estimado no proxecto presentado, sen que os posteriores incrementos do prezo como resultado do procedemento expropiatorio poidan alegarse para solicitar un incremento da subvención concedida.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 171.11/762.00 dos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, por importe global máximo de 200.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

As solicitudes, subscritas polo alcalde do concello interesado, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación do acordo de aprobación do proxecto de investimento, adoptado polo órgano competente, no que se asume o compromiso de financiamento da parte non subvencionada do proxecto e se declare expresamente a súa conformidade coa ordenación urbanística aplicable.*
- Proxecto de investimento. No caso de realización de obras, remitirase proxecto básico asinado por técnico competente ou memoria descritiva valorada, no caso de non ser preceptivo o proxecto segundo a lexislación vixente. No resto de casos, achegarase unha memoria descritiva do investimento, xustificando a súa necesidade para a zona verde de que se trate.*
- Declaración, subscrita polo alcalde, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.*
- Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas ou concedidas para ese mesmo proxecto de investimento.*

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ó Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme ós criterios de adxudicación recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o Presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- O secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- O xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa*
- Un deputado, designado pola Presidencia.*

Actuará como secretario da Comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos ós deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

1. Para o outorgamento das subvencións, a Comisión de Valoración aplicará os seguintes criterios:

Ata 50 puntos, en función do orzamento, asignándose 50 puntos ó investimento de maior orzamento, e puntuándose o resto en proporción. Terase en conta o orzamento total, IVE incluído.

Ata 10 puntos, en función da poboación de Dereito do concello, outorgando 10 puntos ó concello de menor poboación, e puntuando ó resto en proporción inversa. Terase en conta a poboación de Dereito segundo a derradeira cifra oficial de poboación aprobada.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito destinado ó programa entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta as seguintes regras:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

a) Ningún proxecto poderá recibir subvención por importe superior ó seu orzamento nin á cifra de 50.000 euros

b) Ningún concello poderá recibir subvencións, no conxunto de proxectos que presente, por importe superior a 50.000 euros.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A comisión de valoración puntuará os proxectos de solicitude formulados conforme ós criterios sinalados, e proporá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgota-lo crédito dispoñible.

5. Non obstante o anterior, nos supostos nos que debido ó número de proxectos solicitados o importe das subvencións a conceder resulte desproporcionadamente baixo, a comisión de valoración poderá establecer un límite mínimo de acceso á subvención de como máximo 20 puntos, denegándose a concesión de subvención para os proxectos que non alcance a puntuación mínima establecida.

9ª) Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunica-lo rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios, contía das subvencións concedidas e denominación dos proxectos subvencionados. Ó abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual a tódolos efectos.

11ª) Xustificación da contratación do investimento e anticipo da subvención:

Os concellos beneficiarios deberán acreditar ante a Deputación, antes do 15 de decembro de 2014, a contratación do investimento subvencionado, mediante certificación expedida polo secretario do concello. Nesta certificación indicarse a conta corrente do concello para a realización do pagamento anticipado previsto no parágrafo seguinte. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación da contratación determinará o libramento anticipado, por parte da Deputación, do 50 % do importe da subvención concedida.

A falla de xustificación da contratación no dito prazo determinará a perda do dereito á subvención, que será declarada pola Xunta de Goberno, previo expediente contradictorio.

12ª) Xustificación e pago da subvención:

1. A execución do proxecto de investimento xustificarse mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Documentos xustificativos do gasto realizado, consistentes no seguinte:

- No caso de realización de obras que esixan proxecto técnico, mediante a presentación da correspondente acta de recepción e liquidación, así como das certificacións de obra expedidas pola dirección facultativa, debidamente aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarse certificación do acordo ou acordos correspondentes.*
- No caso de gastos de expropiación, mediante a presentación do correspondente convenio expropiatorio ou do acordo de fixación do prezo xusto.*
- No resto de casos, mediante a presentación das facturas ou documentos acreditativos da realización do investimento subvencionado, debidamente*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

aprobadas polo órgano competente do concello. Para estes efectos, achegarse certificación do acordo ou acordos correspondentes.

B) Certificación do secretario-interventor das subvencións ou axudas públicas concedidas para o proxecto.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto deberá acreditarse a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique a súa execución parcial, a subvención reducirase proporcionalmente.

Nos supostos en que o proxecto se modifícase durante a súa execución, pero se mantívase a súa contía, considerarase validamente xustificada a subvención, sempre que o obxecto do proxecto manteña a súa condición de subvencionable conforme ó establecido nas presentes bases. Neste casos, o concello deberá achegar, previa ou simultaneamente ó trámite de xustificación, a certificación do acordo municipal de modificación do proxecto e o documento onde se reflecta o contido da dita modificación.

5. Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do investimento, naqueles supostos nos que a documentación presentada suscite dúbidas razoables sobre a realidade do investimento realizado.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

6. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 30 de xuño de 2015. Non obstante, os concellos poderán solicitar unha prórroga do prazo, por causas debidamente xustificadas. Corresponderá á Presidencia a concesión de prórroga, sen que esta poida exceder do 30 de setembro de 2015.

A solicitude de prórroga deberá en todo caso, presentarse ante a Deputación antes do vencemento do prazo ordinario, sen que en ningún caso se poidan conceder prórrogas solicitadas con posterioridade ó 30 de xuño.

No caso de subvencións non xustificadas en prazo, a Xunta de Goberno declarará a perda do dereito á subvención, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago do 50 % restante da subvención realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada polo concello beneficiario.

13ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei.

14ª) Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ó abeiro da presente convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para o mesmo proxecto, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere o 100 % do custe total do proxecto.

15ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º) De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

11º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE SERVIZOS CULTURALS E EDUCATIVOS CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2014.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación as bases reguladoras e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos en materia de servizos culturais e educativos correspondente ó exercicio 2014, co seguinte contido:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos en materia de servizos culturais e educativos para o exercicio 2014. A finalidade deste Programa é a contribución ó sostemento económico destes servizos municipais, mediante a subvención dos seus gastos de funcionamento.

2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que xestionen e manteñan servizos públicos de carácter cultural ou educativo e de natureza permanente.

Para estes efectos, consideraranse servizos culturais e educativos aqueles servizos de titularidade municipal que teñan por obxecto tanto servizos de ensino, regrado ou non regrado, en materia artística, cultural, musical ou calquera outra, como aqueles que teñan por obxecto a difusión do patrimonio cultural ou medioambiental, tales como museos, bibliotecas, salas de exposición, centros de interpretación e outros análogos.

Considerarase que estes servizos teñen carácter permanente cando se oferten de xeito regular durante cando menos seis meses ó ano.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

2. *Terán a consideración de gastos subvencionables os que, tendo este carácter conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, correspondan a gastos correntes dos servizos educativos e culturais municipais do exercicio 2014, excluídos en todo caso os seguintes:*

a) *As retribucións e indemnizacións de cargos electos do concello.*

b) *Os gastos para cuxo financiamento existen xa liñas de subvención da Deputación Provincial ou doutras administracións públicas correspondentes ó exercicio 2014.*

3ª) Contía das subvencións:

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 30.000,00 €.

4ª) Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria resérvase crédito na aplicación 334.13/462.00 dos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense, por importe global máximo de 150.000,00 €.

5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes, subscritas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación do secretario do concello na que conste a cifra do gasto corrente autorizado no orzamento vixente no exercicio 2014 para os diferentes servizos culturais e educativos para os que se solicita subvención, excluídos os gastos non subvencionables recollidos nos apartados a) e b) da base 2ª apartado 2.

No caso de que se solicite subvención para máis dun servizo, a certificación especificará de xeito separado a contía orzamentada para cada un deles.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- *Declaración, subscrita polo presidente, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme ó disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.*

- *Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas no exercicio 2014 para gastos correntes dos servizos para os que se solicita subvención realizados nese mesmo exercicio.*

6ª) Procedemento de concesión:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ó Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme ós criterios de adxudicación recollidos na base 8ª.

7ª) Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación, ou deputado en quen delegue.

Vogais:

- *A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- *O secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.*
- *O xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa*
- *Un deputado, designado pola Presidencia.*

Actuará como secretario da Comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos ós deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

1. Para o outorgamento das subvencións, a Comisión de Valoración aplicará os seguintes criterios:

Ata 50 puntos, en función do orzamento de gastos correntes subvencionables certificado polo secretario da mancomunidade, asignándose 50 puntos ó maior gasto previsto, e puntuándose o resto en proporción.

Ata 10 puntos, en función da poboación de Dereito do concello, outorgando 10 puntos á maior poboación, e puntuando ó resto en proporción. Terase en conta a poboación de Dereito segundo a derradeira cifra oficial de poboación aprobada.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito destinado ó programa entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada concello determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningún concello poderá recibir subvención por importe superior ó seu orzamento de gasto corrente subvencionable nin á cifra de 30.000 euros

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A comisión de valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme ós criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgota-lo crédito dispoñible.

9ª) Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos nos que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, previos os informes que se estimen precisos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunica-lo rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan no caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

10ª) Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das subvencións concedidas. Ó abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para tódolos efectos.

11ª) Xustificación da subvención:

Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 15 de decembro de 2014. Este prazo terá carácter improrrogable.

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique a contía do gasto corrente subvencionable que foi obxecto de disposición ou compromiso de gasto no exercicio 2014. Nesta certificación indícarase expresamente que os gastos certificados non se atopan en ningún dos supostos de gasto non subvencionable previstos na base 2ª:

B) Certificación do secretario do concello das subvencións ou axudas públicas concedidas para gastos correntes de 2014.

C) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto corrente por unha contía igual ou superior á presentada na certificación de gasto subvencionable orzamentado que serviu de base para a valoración da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

12ª) Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei.

13ª) Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º) De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

12º.- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA, A TÍTULO PÓSTUMO, A D. MARCOS VALCÁRCEL LÓPEZ.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao instrutor do expediente Sr. García Ferradal.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

D. Avelino García Ferradal, do Grupo Popular, manifesta que o pasado 23 de decembro de 2013 foi nomeado como instrutor deste expediente ven motivada pola traxectoria, humana e profesional, do historiador e escritor Marcos Valcárcel que naceu en Ourense, traballou en Ourense, investigou en Ourense e compartiu a súa sapiencia cos ourensáns, nesa permanente bonhomía que era a súa traza de identidade. Marcos Valcárcel naceu en Ourense un 3 de marzo de 1958. Historiador, doutor en Xeografía e Historia, e catedrático de Lingua e Literatura Galega, licenciouse en historia pola Universidade de Santiago de Compostela, universidade na que tamén se doutorou. Valcárcel especializouse en Historia contemporánea de Galicia, particularmente nos primeiros anos do século XX, época da xeración Nós e da formación do pensamento galeguista. Ademais da súa faceta académica, na que cabe destacar tamén o seu traballo como docente en diferentes centros de ensino secundario de Ourense, Marcos Valcárcel destacou tamén pola súa activa participación no tecido cultural e asociativo de Ourense, sendo presidente e fundador do Club Cultural Alexandre Bóveda. Marcos Valcárcel, compaxinou o seu traballo como profesor de ensino secundario co seu estudo da historia ourensá e co xornalismo, faceta que o levou a colaborar con asiduidade en diferentes xornais galegos e pola que realizou numerosas investigacións que, posteriormente, cristalizaron na publicación de libros como *A prensa en Ourense e a súa provincia* (1987) ou *Pé das Burgas. Estudos de historia, literatura e xornalismo* (1998). Cómpre salientar tamén, no que se refire á súa faceta de xornalista, a edición do blogue *As Uvas na Solaina*. Na súa faceta de escritor e historiador foi o autor de biografías de grandes persoeiros da literatura galega, un traballo que se recolleu en diferentes libros coma *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento* (1988), *A cidade da Xeración Nós* (1996), *Ourense, a gran cidade literaria* (1999), *Ourense, claro río, verde sol. A cidade na voz dos seus poetas* (2001), *Carlos Casares, punto de encontro* (2002), *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra* (2004) ou *Poesía en galego de Antón Tovar'* (2005). A figura de Marcos Valcárcel foi recoñecida ao longo da súa vida con diferentes galardóns e homenaxes entre os que destacan, a Medalla Castelao que outorga a Xunta de Galicia e que recibiu no ano 2009, así como o Premio Otero Pedrayo que outorgan as catro deputacións galegas e que Marcos Valcárcel recibiu no ano 2008. Destacan tamén outros recoñecementos coma o premio Voz da Liberdade, outorgado polo Pen Clube de Galicia. Todos estes recoñecementos veñen mostrar de xeito claro o intenso

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

labor que Marcos Valcárcel realizou, nos diferentes eidos nos que desenvolveu a súa actividade intelectual e profesional, a prol de Galicia, do galeguismo e, como non, a prol de Ourense e da Ourensanía entendida como elemento vertebrador da nosa identidade. Por todo o antedito, proponse concederlle a D. Marcos Valcárcel López a Medalla de Ouro da provincia de Ourense a título póstumo, polos méritos contraídos ao longo da súa vida e da súa traxectoria profesional nos eidos da historia, a docencia e o xornalismo, así como tamén por ser un dos dinamizadores culturais máis fecundos e rigorosos de Ourense e o elo que conectou aos vellos autores da xeración Nós cos novos escritores e investigadores.

Non se producen intervencións e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Concederlle a D. Marcos Valcárcel López a Medalla de Ouro da provincia de Ourense a título póstumo, polos méritos contraídos ao longo da súa vida e da súa traxectoria profesional nos eidos da historia, a docencia e o xornalismo, así como tamén por ser un dos dinamizadores culturais máis fecundos e rigorosos de Ourense e o elo que conectou aos vellos autores da xeración Nós cos novos escritores e investigadores.

13º.- SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DE DELEGACIÓN DA INSPECCIÓN DO IAE DOS MUNICIPIOS QUE TEÑEN DELEGADA A XESTIÓN DO DITO TRIBUTO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que efectivamente, os concellos deberían, na medida das súas posibilidades, ter un sistema de inspección para comprobar que todas as empresas que están suxeitas ao IAE actual efectivamente están incluídas no censo e pagan correctamente. Certamente moitos pequenos concellos non teñen capacidade de levar adiante esa inspección, e a Axencia Tributaria (de onde parten os datos) non inspecciona con prioridade os impostos locais, co que pode haber un baleiro. Outra cousa é considerar que deba ser a Deputación o organismo idóneo para facer ese labor, desde logo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

aceptando o marco actual como institución local existente de apoio aos concellos si podería ter sentido (como organismo de recadación e apoio na xestión fiscal e económica), pero é clara a posición do BNG a este respecto, polo que entenden que habería que sobardar este ámbito e reclamar que esas funcións de apoio aos concellos se asuman a nivel galego pola Axencia Tributaria galega, dándolle máis contido que a recadación, xestión e inspección de tributos autonómicos para ser tamén un ente de apoio aos concellos na recadación de tributos. Votarían a favor se a Deputación se dirixira á Xunta para reclamar a configuración da Axencia Tributaria de Galicia como organismo de apoio e colaboración na recadación, xestión e inspección dos tributos locais, trasladando ao dito ente autonómico todas as funcións relativas á colaboración que nese eido prestan as deputacións provinciais neses ámbitos, co fin de mellorar na coordinación e eficacia na xestión tributaria. No caso contrario, votarán en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o marco xurídico é o que é. En todo caso o grupo de goberno a entende correcta, dado que, como xa nomeou o Sr. secretario, estamos a falar de 37 concellos que precisan este servizo e a Deputación está para iso. Ademais, neste caso, tamén afecta aos intereses provinciais, porque non podemos esquecer que a inspección afectaría tamén á recarga do 40% que lle corresponde á Deputación no IAE.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista (22) e o voto en contra dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitalle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a delegación da competencia inspectora que o artigo 91.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, lles atribúe aos órganos da Administración Tributaria Estatal, respecto do Imposto sobre Actividades Económicas, referido a aqueles concellos que efectuaron a delegación das facultades de xestión tributaria e recadación deste imposto na Deputación Provincial de Ourense, cos límites e condicións establecidos na Orde do 10 de xuño de 1992.

Os concellos son os seguintes: Avión, Baltar, Bande, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Esgos, A Gudiña, O

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Irixo, Larouco, Laza, A Mezquita, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Padrenda, Piñor, A Pobra de Trives, Porqueira, Punxín, Riós, Rubiá, San Cristovo de Cea, Sarreaus, San Xoán de Río, Taboadela, A Teixeira, Toén, Trasmiras, Vilamartín de Valdeorras, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

2º.- Facultar ao Sr. presidente para a realización das xestións necesarias e formalización de documentos precisos para a execución do presente acordo.

14º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, di que lle gustaría que quedase claro que o único que se pretende con esta nova ordenanza é actualizar o contido da actualmente vixente, que data do 30 de abril de 1993, introducindo importantes modificacións. Modifícase a taxa do servizo de recadación executiva que queda establecido no 100% da recarga de prema (na ordenanza actual era o 50%). Establécese unha nova taxa para os servizos de inspección, cuxa cota tributaria será do 15% dos importes efectivamente recadados. Posibilitase que os anticipos de recadación que lles concede a Deputación Provincial aos concellos poidan alcanzar ata o 95% do recadado nos tributos e prezos públicos de devindicación periódica no período voluntario do exercicio anterior (ata agora era o 75%). Mantense o 5% do gravame das cantidades recadadas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (12) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense., conforme co seguinte texto:

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto no artigo 132 en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

relación cos artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Deputación Provincial de Ourense establece a taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público competencia das entidades locais e doutras entidades de dereito público da provincia de Ourense, que delegaran ou encomendaran ditas competencias na entidade provincial.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de servizos e realización de actividades administrativas necesarias para exercer as funcións de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que se deleguen ou encomenden á Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 3.- SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN

Non están suxeitos a esta taxa os servizos de xestión, inspección e recadación da recarga provincial sobre o Imposto de Actividades Económicas.

Artigo 4.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, os concellos e demais entidades de dereito público que deleguen na Deputación Provincial de Ourense as facultades de xestión, inspección e recadación dos seus recursos de dereito público (tributarios ou non).

Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE

A base impoñible sobre a que se aplicarán as tarifas do artigo 6 virá determinada polo importe do efectivamente recadado.

Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA E TIPO DE GRAVAME**A) Recadación voluntaria:**

A cota tributaria resulta de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5%.

B) Recadación executiva

A taxa para satisfacer pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de prema que pagara o debedor.

C) Servizos de inspección

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

A cota tributaria será o resultado de aplicar un tipo de gravame do 15% aos importes recadados pola débeda descuberta no exercicio das función inspectoras delegadas. No suposto de que a recadación se produza en período executivo aplicarase así mesmo un tipo de gravame do 100% da recarga de prema que pagara o debedor.

Artigo 7.- EXENCIONES E BONIFICACIONES

Non se autorizarán exencións nin bonificacións sobre as cotas que resulten por aplicación das tarifas previstas nesta Ordenanza, salvo aquelas que veñan establecidas, con carácter xeral, nas disposicións legais aplicables.

Artigo 8.- DEVINDICACIÓN

A taxa devindícase e nace a obriga de contribuír cando a Deputación Provincial de Ourense realiza as función descritas no artigo 2 desta Ordenanza, cuxa titularidade lles corresponde ós concellos e entidades públicas que delegaran a súas competencias na Deputación de Ourense.

Artigo 9.- LIQUIDACIÓN E INGRESO

A taxa resultante de aplicar as tarifas previstas nesta Ordenanza aboaranse na data en que a Deputación Provincial de Ourense ordene a transferencia dos ingresos por cuxa recadación se devindicou a taxa.

A Deputación de Ourense liquida a taxa e notifícalle ó concello ou ó ente acredor, mediante comunicación trimestral, o volume total de recadación e a contía da taxa, ó tempo que ordena a transferencia do importe pola diferenza entre recursos recadados e taxa liquidada.

Artigo 10.- ANTICIPOS

A Deputación Provincial de Ourense poderá entregarlles anticipos a conta ós entes locais da provincia que teñan delegada a recadación voluntaria de tributos e prezos públicos de vencemento periódico.

O importe dos anticipos a conta poderá alcanzar ata o 75% do recadado en período voluntario do exercicio anterior polos tributos e prezos públicos de devindicación periódica, cuxa recadación teña encomendada a Deputación. Excepcionalmente, esta porcentaxe poderá alcanzar ata o 95% cando se xustifique por parte do concello a existencia dunha necesidade urxente ou desfase transitorio de tesourería, e así sexa apreciado polo órgano

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

competente para a súa concesión. Os anticipos deberán ser solicitados polos entes locais, non podendo pedirse máis de doce anualmente.

Antes do remate do primeiro trimestre do exercicio seguinte, a Deputación practicará a oportuna liquidación dos servizos tributarios, facéndose efectivo, se é o caso, o saldo que poida resultar a favor dos concellos, unha vez deducidas as entregas efectuadas a conta. Se a recadación efectiva fose inferior ás cantidades anticipadas no ano, o saldo negativo resultante nesta liquidación final regularizarase ao longo do exercicio seguinte.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Sancións en materia de tributos e demais recursos de dereito público

O importe das sancións que imponha a Deputación Provincial de Ourense por infraccións cometidas polos contribuíntes ou obrigados ó cumprimento de obrigas en materia tributaria ou de calquera outro recurso, corresponderalle, na súa totalidade, á Deputación de Ourense.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Xuros de mora

Os importes recadados por xuros de mora corresponderalles, na súa totalidade, ás administracións titulares dos recursos por cuxa xestión de cobro se recadaron.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- Custos

Os custos e outros gastos legalmente esixibles ó obrigado ó pagamento nos que se incorra no proceso de recadación executiva serán ingresos da Deputación Provincial de Ourense.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As tarifas previstas nesta Ordenanza aplicaranse sobre as liquidacións que se aproben a favor das entidades delegantes a partir da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a anterior “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo provincial de recadación de tributos municipais” publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 98 de data 30 de abril de 1993.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

15º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2014, RELATIVA ÁS OBRAS DOS CONCELLOS DE PUNXÍN E LAROUCO.-

O Sr. secretario manifesta que son dous ditames diferentes pero que se refundiron nun único punto é dá lectura aos dous ditames da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2014, no seguinte sentido:
 - a) Modificar a obra municipal do Concello de Punxín, incorporando ao plan principal –en substitución da obra denominada “Pavimentación camiños Vilela-Freás e Condes de Arriba”- a obra denominada “Saneamento en Barbantes e construción de muros en Vilerma e Condes de Arriba” cun orzamento de execución de 45.000,00 €.
 - b) Modificar a obra municipal do Concello de Larouco, incorporando ao plan principal – en substitución da obra denominada “Ampliación cemiterio municipal 1ª fase”- a obra denominada “Abastecemento e saneamento en rúa Seoane de Larouco” cun orzamento de execución de 45.000,00 €.

16º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN CON AGADER PARA O PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2014-2015.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que así fai convenios calquera. Ou moi listos son en AGADER ou non tan listos como se quere aparentar son nesta casa ou aquí hai gato pechado, que pode ser. Efectivamente, o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013 establece que o Eixo 3: "Servizos Básicos para a Economía e a Poboación Rural", na liña C, poida executarse, con cargo a fondos FEADER, "investimento directo da administración autonómica e axudas a entidades públicas locais". É dicir: investimento directo, ou para darlles fondos ás administracións locais, pero non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

para pedilos. De feito con cargo a esta medida téñense realizado dende 2007 actuacións directas en todos os concellos de Galicia, a través do PEIM rural e programas similares da Xunta de Galicia. O sorprendente resulta que a Xunta queira realizar un convenio con esta institución, no que a Deputación só pon os cartos, e do resto encargase a Xunta (escoller os concellos, as obras e as empresas adxudicatarias). A rigorosidade do convenio proposto é tal, que na súa cláusula terceira (compromisos da Consellería do Medio Rural), figura o punto número 2, que fala de destinar o crédito achegado pola Deputación Provincial de Ourense ao financiamento do Plan Marco programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014/2015 nos concellos da provincia de Pontevedra. Xa sería o colmo que cos cartos da Deputación de Ourense (que loxicamente sobran porque hai remanente de tesourería) se financien os camiños en Pontevedra. Isto só se pode entender como un amaño do PP entre Xunta e Deputación para financiar con cargo a Deputación obras nos concellos que lles interese para preparar as eleccións municipais do ano 2015. Esta é a única explicación posible. Se non teñen mellor sitio onde gastar os fondos europeos que en camiños e depuradoras (que despois hai que devolver), o BNG pode darlle varias receitas para investir os fondos correctamente nos sectores produtivos e na xeración de emprego, no canto de gastalos superfluamente, e se non queren que llo digan directamente, poden remexer nas hemerotecas que a bo seguro atoparan propostas interesantes.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, adianta que o Grupo Socialista vai votar a favor, porque no fondo non deixan de ser actuacións que xa se viñan desenvolvendo por parte dos concellos. Os concellos van poñer o IVE e adxudicarán as obras. Independentemente de que se poida estar máis ou menos de acordo cos criterios que avaliaron desde a FEGAMP, isto é bo para os concellos. Sabe que houbo reticencias desde esta Deputación para asinar o convenio e o Grupo Socialista apoiaría a decisión, porque esta institución non tiña que financiar este tipo de cuestións, porque a Xunta de Galicia está a facer o que habitualmente fai o Sr. Núñez Feijóo, que é escudarse en quen lle interesa cando lle interesa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que lle sorprende a postura do BNG, porque se son subvencións nominativas están en contra, se é un plan con criterios obxectivos tamén están en contra. Trátase da proposta dun convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar para financiar as actuacións do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado con FEADER no marco do PDR 2007-2013, cos criterios que se consensuaron na FEGAMP con AGADER. Benvido sexa este convenio, onde se ve unha vez máis o esforzo da Deputación para axudar aos pequenos concellos. Vanse superar os 619.000 euros, dos cales 292.000 euros serán con cargo ao orzamento deste exercicio, e os restantes 327.000 euros incluíranse no orzamento de 2015. Non sabe se os concellos gobernados polo BNG estarán de acordo coa sorprendente posición do grupo do BNG neste tema.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que a todos lles quedou clara a redacción do convenio. Sen descoidar o obxectivo do convenio non entenden por qué esta casa ten que poñer cartos nel. Están de acordo en que hai que arranxar os camiños e apoiar aos pequenos concellos da provincia, pero, se cadra, as formas non son as correctas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do BNG, manifesta que segue sorprendido, á marxe de que se poña Pontevedra ou Ourense. En todo caso este é un convenio de adición no que a Deputación pon cartos para os concellos. O BNG cogoberna na Deputación de Lugo e asinaron gustosos o convenio, incluso antes que esta Deputación.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular e do Grupo Socialista (23) e o voto en contra dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a subscripción dun convenio de cooperación entre esta Deputación Provincial e a Consellería do Medio Rural e do Mar, para financiar as actuacións do Plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciados con FEADER no marco do PDR de Galicia 2007-2013, conforme co texto remitido por AGADER a esta Deputación o 19 de xuño de 2014, número de rexistro de entrada 15.806.

2º.- Someter a información pública o referido acordo por prazo de 10 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP. Durante o dito prazo os concellos poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente polo Pleno. En caso de non formularse alegacións ou suxestións en prazo, entenderase definitivamente aprobado o convenio.

3º.- Sen prexuízo do anterior, o acordo de aprobación inicial do presente convenio queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos (créditos extraordinarios e suplementos de crédito) n.º 4/2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

17º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DOS BLANCOS, PARA FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PONTÓN NO RÍO EIROA NOS BLANCOS.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

Intervén **D. Antonio Pérez Rodríguez** para pedir que se corrixa xa na acta o nome do río que non é Airoa como figura na orde do día, senón que é río Eiroa.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista (22) e a abstención dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación e o Concello dos Blancos, para financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación das obras de construción dun pontón no río Eiroa nos Blancos, conforme co documento remitido a esta Deputación pola Confederación con data 4 de xullo de 2014 e número de rexistro de entrada n.º 17.053.

2º.- A aprobación do presente convenio queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos (créditos extraordinarios e suplementos de crédito) n.º 4/2014.

18º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE A REFORMA DO SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ALCALDES.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño para que expoña o contido da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dá lectura á moción, co seguinte contido: O artigo 140 da Constitución establece: “*A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración correspóndelles aos seus respectivos concellos, integrados polos alcaldes e mais os concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións nas que proceda o réxime de concello aberto.*” É dicir, a Constitución contempla a posibilidade de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

que os alcaldes sexan elixidos directamente polos veciños. É mais, en 1978 o goberno de Adolfo Suárez presentou un proxecto de lei de Eleccións Locais que prevía a designación automática como alcalde do cabeza de lista da candidatura máis votada. Polo tanto, non só establecía un sistema de elección directa, senón que a lista que contase cun maior respaldo cidadán debía asumir a responsabilidade do goberno municipal. Aínda que esta previsión normativa non resultou aprobada, o certo é que en varios países do noso contorno, como Francia e Portugal contéplase a designación como alcalde da persoa que encabece a lista máis votada. Así mesmo, durante o actual período constitucional houbo varias propostas ou formulacións programáticas de reforma do marco electoral. Así, en 1998 o grupo parlamentario socialista formulou unha proposición de lei orgánica que tiña por obxecto modificar a elección dos alcaldes. Na exposición de motivos da citada norma dicíase: *“En definitiva, las razones que justifican la elección directa del Alcalde por todos los electores son de naturaleza olítica, es decir, son razones fundadas en la búsqueda de una mejor gobernabilidad, de una mayor identificación del Alcalde con los electores y, en fin, de un reforzamiento del Ayuntamiento como institución destinada a proporcionar servicios a los ciudadanos.”* No articulado desta proposición de lei recollíase a elección en segunda volta (se algún candidato non obtén a maioría absoluta dos votos válidos) do candidato con maior número de votos: *“Artículo 196.1. En los municipios con población superior a 250 residentes el Alcalde será elegido por todos los electores de forma simultánea a los Concejales. 2. El candidato que obtenga la mitad más uno de los votos válidos emitidos será proclamado Alcalde conforme al procedimiento establecido en esta Ley. 3. Si ningún candidato obtuviera la mitad más uno de los votos válidos emitidos se celebrará una segunda votación el decimocuarto día posterior a la primera votación. Sólo podrán concurrir a la segunda vuelta los candidatos que hubieran obtenido al menos el 15% de votos válidos. 4. En la segunda vuelta será proclamado Alcalde el candidato que obtenga mayor número de votos válidos”.* Non obstante, cando o Congreso dos Deputados foi disolvido esta iniciativa legislativa caducou. Máis adiante, no programa electoral con que o PSOE concorreu ás Eleccións Xerais de 2004, volveu propoñer a elección directa nestes termos: *“Elección directa de los Alcaldes, en votación diferente pero simultánea a la de los concejales, en un sistema de doble vuelta que refuerce la gobernabilidad de los Ayuntamientos”.* Porén, esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

proposta, como tantas outras do goberno Zapatero, foi incumprida. Ao inicio de cada legislatura no ámbito local, hai grupos municipais que se ven compelidos por decisións tomadas dende as súas cúpulas orgánicas a apoiar a investidura dun integrante da segunda forza política máis votada, con tal de evitar que o partido que obtén unha ampla maioría dos votos non acceda á alcaldía. Nestes casos, non se están formando maiorías de goberno, senón unicamente “maiorías de bloqueo” á vontade do pobo expresado nas urnas. Dende o PP non estamos en contra das coalicións electorais, pero por transparencia e xogo limpo, estas deberían exporse con carácter previo ás eleccións, para que os cidadáns saiban de antemán que votan e a quen. Outras forzas políticas, non obstante, nos seus procesos electorais internos permiten o goberno da lista máis votada, pero opóñense a que este principio se aplique ao resto dos cidadáns. Por outra parte, no programa electoral con o PP concorreu ás eleccións xerais de 2011, e nas que contou cun notable apoio cidadán, xa se di que: *“Promoveremos la reforma del sistema electoral municipal para respetar la voluntad mayoritaria de los vecinos garantizando, al mismo tiempo, la estabilidad de los ayuntamientos.”* Polo tanto, dende este grupo municipal consideramos que debe reforzarse a lexitimidade democrática e representativa dos alcaldes, polo que elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo: Manifestar a vontade desta Corporación Provincial de que se adopten as medidas legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns, de tal xeito que a lista máis votada nas eleccións locais exerza a alcaldía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que a proposta do Partido Popular, de elección directa de alcalde implica a negación do pluripartidismo coa intención de impoñer a ditadura da minoría fronte á maioría social que vota nas urnas a forzas políticas que poden pactar entre elas para gobernar un concello con total lexitimidade. A lista máis votada pode ser minoría nunha cámara cunha pluralidade de partidos e entón, con qué apoios vai gobernar un alcalde que estea en minoría na cámara municipal. Que quede moi clariño que o réxime electoral español non é presidencialista. Son as cámaras legislativas e municipais as que elixen quen ocupa a presidencia e quen ocupa a alcaldía, tamén a través de pactos democráticos e lexítimos entre diferentes forzas políticas. Sería inconcibible que o PP cambiase unilateralmente este principio en beneficio propio. O democrático é que o alcalde e o goberno do concello conte co respaldo da maioría

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

social, sexa esta expresada a través dun ou en varios partidos. O voto dunha persoa ten o mesmo valor, tanto se vai a lista máis votada como se vai a outras opcións que sumadas constitúen unha maioría social. Chegar a pactos non só constitúe unha práctica democrática senón politicamente saudable. Para o Bloque, a intención de Rajoy, que se apresurou a bendicir Feijóo desde Madrid no marco dunha conferencia na Fundación FAES, é un ataque á democracia municipal, no nivel máis próximo á veciñanza, xusto ao tempo que coa reforma local limitan as funcións e competencias dos propios concellos para reforzar as deputacións, cuxa natureza é escasamente democrática. O PP propón esta reforma na lei electoral porque quere mudar as regras de xogo en beneficio propio para seguir no poder, cando sabe que perdeu o apoio da maioría social. O obxectivo non é outro que facer trampa para salvar a derrota segura do PP nas eleccións municipais de 2015. Esta proposta é un síntoma máis de que o sistema do bipartidismo está superado pola realidade social, pese as manobras do PP que intentan perpetualo á desesperada, que se suma a outras propostas igual de tramposas desde o punto de vista democrático, como é a redución do Parlamento galego. O elemento que fixo saltar todas as alarmas e determinante para que vostedes veñan con esta proposta son, e non nos enganemos, os resultados das eleccións europeas e o crecente clima de descontento social, por máis que vostedes vendan os mundos de Yuppie, cuestión que lles deberían ter levado a unha reflexión e a autocrítica, pero que non queren nin teñen gañas de facer. Pregúntense por qué houbo castigo aos dous grandes partidos non só no estado español senón en Europa en xeral. Uns resultados electorais que demostraron o enorme descontento da cidadanía co modelo imperante na Unión Europea e que están aplicando ao dediño, sen importarlles para nada que esta política económica e social está a condenar maioría da poboación á pobreza. Os datos de pobreza das familias e da pobreza infantil arrepían, mentres miran para outro lado amparándose nos datos macroeconómicos. E tamén, todo hai que dicilo, o pánico que teñen a perder as alcaldías, especialmente as das cidades grandes como Valencia e Madrid, onde os niveis de corrupción e de endebedamento son tales que no momento no que a cidadanía sexa coñecedora da situación real que deixan, a Pokemon non pasa nin de anécdota. Esas son as razóns, e non outras, as que os levan a volver á carga con esta reforma, en vez de estar centrados en preocuparse polas cuestións prioritarias e importantes como a desigualdade, a inmigración ou o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

desemprego, pretenden agarrarse con todas as forzas as táboas de salvación da reforma electoral para manter, ao prezo que sexa, numerosas alcaldías.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que a súa posición ía estar clara, independentemente do que se pon na exposición de motivos, pero xa o novo secretario xeral do Partido Socialista o dixo alto e claro, non a esta reforma que quere facer o Partido Popular que é unha trampa. Tamén dixo algo, que comparte, que primeiro varran a súa casa e que non se preocupen por estas historias. Esta de acordo en que hai que facer unha reforma da lei electoral, pero non apresada e correndo cinco minutos antes do partido. Vai utilizar o mesmo argumento que utiliza o grupo de goberno en moitas ocasións: este non é o lugar de debater isto, que o debatan onde hai que debatelo. Esta Deputación adiantouse, porque se vai presentar o mesmo en todos os concellos no mes de setembro. Pensa que vai haber problemas moi graves se isto vai adiante, porque se está intentando facerlles trampa non só ao Partido Socialista, senón ao resto de partidos políticos e, polo tanto, aos cidadáns. A vontade popular xa a había antes, por isto está gobernando o grupo de goberno. Isto é trampa, e como exemplo di que el se presentou no ano 1999 e non saíu concelleiro, o Partido Socialista quitou catro e gobernou o Partido Popular cun independente. O problema do Partido Popular é que non ten con quen aliarse e queren isto porque van sos. Está un pouco farto da cuestión que se apunta sempre de que o Partido Socialista fomenta o bipartidismo, porque se o quixeran fomentar seguro que gobernarían en máis sitios e moitos máis anos, xa que se competesen sos como o Partido Popular (onde están todos os espectros da dereita, ultradereita e demais) ao mellor habería que baterse en dobre volta, e xa se vería quen era o partido máis votado. Non corresponde falar disto aquí, pero ser queren falar xa se falará cando sexa o momento, non agora cinco minutos antes porque saben que van perder a moitas alcaldías. Xa dicía moi ben o portavoz do BNG que cando se destape o dalgún concello gobernado polo Partido Popular xa se verá a gran xestión económica que sempre venden, incluída a do Sr. Gallardón. A lexitimidade a dan os cidadáns coa súa vontade, e hai que respectala sempre, non só cando se quere. O que acaba de facer Cospedal e o que intenta facer o que temos de presidente, que é outro *trilerillo* político, non é máis que trampear e falsear a realidade. Cospedal primeiro aumentou os deputados e agora baixounos, pero non se sabe cantos deputados vai haber por provincia, pero pensa que o resultado será segundo vexa as enquisas. Pide que se conte con todos os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

partidos porque se non vai haber un grave problema, porque os partidos mal chamados minoritarios tamén son parte da vontade popular e teñen lexitimidade para formar parte dun goberno ou non, pero chegando a acordos que é moi san.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, cre que a cuestión é máis profunda e o Partido Popular non lle ten medo á democracia, máis ben parece que lle ten a oposición se esta reforma vai adiante e se vaticinan que lle vai ir tan mal ao Partido Popular o ano que ven non terían que estar tan preocupados. Recoñece que se lle deu un gran castigo aos grandes partidos políticos nas eleccións europeas, pero tamén ao BNG. Fílle graza que o Sr. Gómez Pérez diga que isto é unha trampa cando xa o incluíron no seu programa electoral. En todo caso, na exposición de motivos da moción quedou claro o que prevé a Constitución no seu artigo 140. Hai dúas iniciativas lexislativas: no goberno de Suárez en 1978 e en 1988 polo goberno do Partido Socialista. No programa do Partido Socialista do ano 2004, e tamén no programa do Partido Popular de 2011 está prevista esta fórmula. En dereito comparado, algo disto tamén hai en Italia, Francia, Portugal, nalgúns Länder alemáns e en varias partes de Estados Unidos. Estráñalle moito a postura tan radical do Sr. Gómez Pérez, así como a do seu novo líder e secretario xeral do partido, xa que o PSOE propuxo en 1998 nas Cortes e no programa de Zapatero de 2004 que gobernase a lista máis votada. Polo que se, os socialistas teñen mala memoria, ou quizás non queiran defender agora esta iniciativa por medo a quedar detrás do PP nas próximas eleccións municipais. Quere lembrar que esta proposta a defendeu no Congreso un histórico socialista, Alfonso Perales, que o dicía dun xeito claro, rotundo e concreto. O PP suscitou esta reforma electoral, non para gañar eleccións, senón para garantir que a vontade dos cidadáns se reflicte nos gobernos locais. Trátase dunha proposta aberta ao debate e á reflexión pública. Non pode ser que un partido ao que lle falte un puñado de votos para a maioría absoluta sexa desbancado por coalicións interesadas de catro ou cinco partidos. Isto é desprezar a vontade dos veciños, que se quixesen esa coalición a demandarían con carácter previo. A día de hoxe, por exemplo, en Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, hai gobernos que non representan á maioría dos seus cidadáns, porque en todas esas cidades gañou o PP e non puido gobernar por poucos votos (exemplo claro en Lugo: 500 votos). É máis, en Lugo, Ourense e Vigo, o partido que apoiou a investidura do alcalde desentendeuse pouco a pouco do goberno local. Dubidan de que os seus votantes os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

avaliaran para poñer un alcalde socialista e pasarse acto seguido á oposición. Esta reforma evitaría estes exercicios de irresponsabilidades (exemplo claro o de aquí ao lado). Como exemplo ilustrativo di que Pedro Sánchez resultou elixido secretario xeral con 62.477 votos; a suma dos votos de Eduardo Madina e do Sr. Pérez Tapias sería de 65.823. Preguntase se alguén entendería que estes dous perdedores sumaran os seus votos para desbancar ao gañador das primarias socialistas. Pois iso é o que ocorre nas eleccións municipais cando o PSOE pacta co resto dos perdedores para non deixar que governe a lista máis votada.

Neste momento prodúcese diversas réplicas desde a bancada do Grupo Socialista e intervén o **Sr. presidente** para pedir que deixen ao Sr. Álvarez Dobaño rematar a súa intervención.

Continúa o **Sr. Álvarez Dobaño** manifestando que como dixo o presidente Feijóo (elixido porque o quixeron os galegos, non por pactos): a xente quere que o seu voto vaia para elixir aos alcaldes e que non sexa invalidado nos despachos logo de abrir as urnas. Esperan que Pedro Sánchez faga gala do discurso dialogante que prometeu e se aveña a consensuar co PP unha norma fundamental para garantir a rexeneración democrática e respectar á xente cando fala. Non se entendería que o PSOE rexeitase unha proposta que ía no seu programa electoral de 2004 e que aplica dun xeito interno. En resumo, esta reforma non vai contra ninguén. O que vai a promover é que as coalicións, de producirse, sexan antes das eleccións e os cidadáns as coñezan, e non asistir a *mercadeos* post electorais para repartirse o poder entre as minorías con cargo ao peto dos cidadáns. Esta é a postura do Partido Popular, clara, concreta e aberta ao debate, e por suposto, respectuosa.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dálle as grazas ao Sr. presidente por chamarlle Sr. Rodríguez Puga, xa que o portavoz popular aludiu ao Sr. Iglesias e non sabe se é que ao ver a un home con coleta empeza a poñerse nervioso. Aquí se falou de vontade popular e o que demanda a cidadanía e que o BNG defende, é que se aproben medidas que incidan na participación directa, favorecer consultas cidadáns e referendos, orzamentos participativos, transparencia na xestión e tamén no funcionamento dos órganos colexiados representativos, máis competencias aos plenos, publicidade inmediata nas xuntas de goberno locais, transparencia na contratación. Pide isto máis que ir no camiño dun reforzo personalizado de alcaldes e alcaldesas, pois iso restrinxo claramente a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

democracia. Hai que insistir en que o Partido Popular vai contra a maioría da xente, e ante ese devalar pretende perpetuarse no poder con trécolas, que favorecerán poder manter alcaldías con poderes reforzados sen outro apoio popular maioritario. A proposta de elección directa non só afecta á elección, senón que no fondo hai unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersoais, reforzando o presidencialismo e con iso restando pluralidade. O que está no fondo é obstaculizar que os gobernos locais recollan a pluralidade política e social existente e favorecer que unha parte minoritaria poida gobernar ao seu antollo a través dun alcalde ou alcaldesa elixido directamente aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario. Débese lembrar que nos últimos 15 anos desde a reforma pactada por PP e PSOE en 1999 no réxime local fortaleceuse de forma progresiva o papel dos alcaldes e alcaldesas e executivos designados no modelo orgánico municipal, que xa foi derivando nunha concentración de poder que limitou a democracia e a pluralidade dos concellos, con cada vez menos capacidade para incidir na xestión de todos os concelleiros e concelleiras que forman parte do pleno e que foron elixidos pola veciñanza, e que tamén teñen lexitimación popular. A situación de crise democrática nos concellos, neste momento con moitos casos de corrupción, ten unha clara relación con iso. A maior concentración de poder e menos mecanismos de control e participación de todas as forzas políticas na xestión municipal, tamén se incrementan as decisións arbitrarias, fraudulentas e corruptas. Por outra banda, sería unha anomalía no sistema electoral actual esa proposta. O sistema electoral en todos os niveis é de elección indirecta, elíxense representantes nas cámaras lexislativas e estes escollen gobernos. Tamén nos concellos está mesmo reforzada esa elección ao impor xa a lexislación electoral que só poden ser candidatos e candidatas á alcaldía as persoas cabezas de lista. Mesmo se non hai maiorías absolutas será designado como alcalde ou alcaldesa a persoa candidata da lista máis votada nas eleccións. Xa que logo, hai mecanismos de vinculación directa entre o que vota o electorado e a designación de alcalde ou alcaldesa. Aprobar a elección directa de alcaldes e alcaldesas sería unha decisión allea ao sistema electoral actual, que, segundo esta lóxica, tamén se debería estender a outros ámbitos de especial relevancia como é o caso da xefatura do Estado, a monarquía, por exemplo. En suma, non só se trata dunha proposta fondamente antidemocrática por atentar contra a pluralidade política, senón porque non vai parella dunha reforma onde se despoxe de competencias a alcaldes e alcaldesas. Existen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

exemplos claros da incoherencia do Partido Popular ao presentar esta nova fórmula que só agocha as súas ansias de perpetuarse no poder. Con este novo marco, tanto un alcalde ou alcaldesa co 70% dos votos como un co 20% dos votos terían amplas facultades para gobernar. Habería que ser consecuente se se vai adiante con esta fórmula: a menor apoio popular menos competencias. Dito doutro xeito, as competencias serían graduais en función do apoio popular. En resumo, a proposta que se presenta está nas antípodas da democracia porque nega o pluralismo político para impoñer comportamentos ditatoriais, aproveitándose da súa maioría absoluta e absolutista. Ten unha dúbida que non sabe se se lle pode aclarar ¿cómo se cambiaban as maiorías cando foi o peche no pisito?

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que isto é trampa. A elección directa dos alcaldes en votación diferente pero simultánea dos concelleiros nun sistema de dobre volta que reforce a gobernabilidade dos concellos, esta era a proposta e a do grupo de goberno é manifestar a vontade desta Corporación Provincial de que se adopten as medidas legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns, de tal xeito que a lista máis votada nas eleccións locais exerza a alcaldía. Isto é trampa e o grupo de goberno está mesturando as cousas, comparando o que propón o PSOE co que eles propoñen e están intentando facer trampa cinco minutos antes. Dille aos deputados do grupo de goberno que teñen moi pouca vergonza ao falar das primarias do Partido Socialista, que fai eleccións e practica a democracia e non fan congresos nos que se enchufan 104 persoas para que despois un quede de presidente. É indignante o que hai que escoitar, que comparen a trampa que queren facer coa proposta do Partido Socialista. Outra cousa indignante é que os deputados do Partido Popular desta Deputación falen de comprar vontades, cando foron os que traficaron cos concelleiros sistematicamente na provincia, *mercadeando* e comprando as vontades da xente que tiña necesidades, cambiando alcaldes, facendo cousas intolerables. Pregúntalles aos deputados do grupo de goberno quen son eles para darlles clases de democracia aos socialistas, que teñen 135 anos de historia e o Partido Popular aínda non existía. Di que é mellor elixir representantes por votación que nomealos a dedo como fixo Aznar con Rajoy. O Partido Popular tamén se alía, pero non con partidos políticos senón cos independentes que saen do PP e despois *mercadean*. Está orgulloso do que dixo o secretario xeral do Partido Socialista e defende o que di (aínda que el non o votou para saír elixido) e pide que se esquezan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

dunha vez de Zapatero. Pregúntase por qué presenta agora esta proposta o Partido Popular. Manifesta que as maiorías absolutas non garanten nada e para mostra está o Concello de Santiago, un *quinqui* tras outro, o que demostra que a vontade popular ás veces tamén se equivoca. Reitera que chegar a acordos non está mal e seguramente que chegarán a acordos con algún que ía no PP e despois foi independente e agora volverá ser do PP. O PP está só, porque é o único que representa á dereita. Xa o seu secretario xeral dixo que falaría disto dentro duns anos, pero que se falase con todos os partidos políticos que representan aos cidadáns. Pide respecto polas minorías que ao final, ás veces, se converten en maiorías. Falando do da colecta, di que quen o promociona é o PP porque lle interesa (só hai que ver á *Espe* pelexando todos os días con el). Para finalizar di que esta proposta é unha tomadura de pelo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que este debate é un dos máis profundos aos que ten asistido nesta casa pero non vai entrar en *chascarrillos*. En canto a ter medo, di que o medo parece que o teñen outros se esta norma sae adiante. O Partido Popular non está só, está bastante máis acompañado que o Partido Socialista, está acompañado dos cidadáns que é de quen teñen que estar. Pide respecto á democracia e en maio xa se verá quen está máis só. En canto ao mercadeo e os 104 contratos, manifesta que xa se demostrou que esas persoas non eran compromisarios. En canto á votación do secretario xeral do Partido Socialista cre que se explicou ben. Non quixo dicir en ningún momento que gobernasen dous, senón que se se xuntaran o outro ao mellor non saía. Os anos de historia non dan máis que iso, historia. Dille ao Sr. Gómez Pérez que é máis mozo ca el e, por dicilo dalgún xeito, non cre que a historia dea razón de nada. En canto a que é trampa, di que a proposta é clara e aberta e di manifestar a vontade desta Corporación Provincial de que se adopten as medidas legais oportunas para unha modificación da lei e que sexa a lista máis votada, pero hai que estudar cómo e de qué xeito. Se se profundara un pouco máis diría cómo e de qué xeito é a proposta do Partido Popular, pero ve que non lles importa nin teñen o máis mínimo interese en que isto quede claro.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Popular, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista e do BNG (10) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

- Manifestar a vontade desta Corporación Provincial de que se adopten as medidas legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns, de tal xeito que a lista máis votada nas eleccións locais exerza a alcaldía.

19º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE AS OBRAS DA A-56.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Socialista e dálle a palabra ao Sr. Álvarez Dobaño para que expoña o contido da moción:

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o Grupo Popular considera moi acertada a emenda da Sra. Figueiral Iglesias do Grupo Socialista, e non vai dar lectura á exposición de motivos porque cre que son de sobra coñecidas as reivindicacións, pero dá lectura á proposta de acordo, co seguinte contido: 1º.- Que se reinicie a construción do tramo San Martiño-A Barrela, cuxo contrato de obras (xa en fase de execución) foi rescindido no mes de xullo do ano 2010. Estando en funcionamento o dito tramo da A-56, daríase continuidade ao Eixo do Ribeiro, conectando Lugo e o sur da provincia coas Rías Baixas, e permitiría conectar as estradas de Ourense-Lugo (N-540), Ourense-Santiago (N-525/ AG-53), Ourense-Pontevedra (N-541) e Ourense-Vigo (N-120/ A 52). O seu radio de influencia abarcaría un grande número de usuarios potenciais. 2º.- Que se impulse o tramo Cambeo-Ourense, cuxo proxecto saía a información pública o pasado 10 de febreiro de 2011 e que é unha das principais entradas á cidade de Ourense. O dito percorrido consta dun único carril por estrada sinuosa durante máis de 10 quilómetros, nos que resulta temerario superar os 50 quilómetros/hora. 3º.- Que se aceleren as obras e todos os trámites administrativos, así como consignar de maneira orzamentaria as cantidades necesarias para o remate urxente dunha infraestrutura de grande importancia para a supervivencia e desenvolvemento do interior galego, como é a A-56.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que empeza a estar un pouco preocupado pola súa coleta. En canto á moción di que a finalización da A-56, comunmente denominada autovía de Ourense-Lugo tiña prevista a súa finalización a mediados de 2011. Dos 96 quilómetros, 22 correspóndenlle á provincia de Ourense. Comezáronse as obras desta autovía entre a Barrela e Vilamarín e o estado actual dos tramos é que están case todos os proxectos rematados pero pendentes de licitación. Nunha recente comparecencia do secretario de Estado de Infraestruturas, Transportes e Vivenda do Ministerio de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Fomento, Rafael Catalá, no Senado, este manifestou que o seu departamento considera prioritaria a mellora do tráfico na saída de Ourense cara a Lugo, por lo que axilizará, iso si, como sempre sen concretar datas nin prazos. Como sempre, nesta película, o interior de Galiza e a nosa provincia en particular é a pagá da situación. Os recortes nos orzamentos do Estado sempre penalizan a Ourense, e non porque nos teñan unha manía especial, simplemente porque Ourense e Galicia non son unha prioridade para o goberno do Estado, e o peso político que debería exercer o Sr. presidente é escaso ou nulo. E isto non é novo, por iso o BNG alégrase de que agora saquen a relucir a vena reivindicativa. Son capaces de aprobar iniciativas na Deputación en contra da desaparición dos partidos xudiciais, mesmo convocar aos alcaldes para que fagan fronte común, e despois cando a cidadanía sae a rúa dan a orde para que non se mobilicen. Esa forma de proceder é máis vella que a fame e xa vai sendo hora de quitar a carauta. A parálise desta autovía non é de agora, pois en 2012, cando o goberno de Mariano Rajoy, presentaba os orzamentos e priorizaba a autovía do Cantábrico, paralizaba as autovías do interior de Galicia. Pregúntase onde estaban os deputados do Partido Popular que obtiveron o seu escano por Ourense e que din que defenden esta provincia e din ser galegos, aínda que non o parezan a teor do que votan noutras ocasións. Pídelles que asuman a súa responsabilidade e a súa inacción e que se déixen de enganar e marear a perdiz botándolles as culpas aos gobernos anteriores. Dille ao Sr. presidente que xa vai sendo hora de que exerza o seu labor e que faga de ourensán e reivindique a *Ourensania*.

D.^a M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo Socialista, manifesta que o Grupo Socialista está de acordo con parte da moción, en concreto coa exposición de motivos, que por certo é practicamente idéntica á que ven de presentar o Grupo Socialista na Deputación de Lugo, instando ao Ministerio de Fomento a continuar a construción da autovía A-56 que une Ourense e Lugo. Non obstante, entenden que o contido do acordo é mellorable, polo que presentan unha emenda de substitución co seguinte contido: *1º.- Solicitarlle ao Ministerio de Fomento que impulse o conxunto das actuacións na autoestrada A-56 Ourense-Lugo, de xeito que se liciten no presente ano priorizando os seguintes tramos Variante Norte (5,8 Km), Ourense-Cambeo (9,0 Km), Cambeo-San Martiño (8,5 Km) e San Martiño-A Barrela (9,8 Km). 2º.- Solicitarlle ao Ministerio de Fomento que antes do final da actual lexislatura se rematen todos os proxectos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

construtivos do resto dos tramos e os trámites previos á súa licitación. 3º.- Solicitarlle ao Goberno do Estado que se consignen nos orzamentos xerais de 2015 as dotacións necesarias para contratar os tramos prioritarios citados. 4º.- Dirixirse á Xunta de Galicia para que apoie a construción da Autoestrada A-56, Ourense-Lugo tal e como consta neste acordo. No texto do acordo da moción do Grupo Popular mestúranse solicitudes e son pouco concretas. Por exemplo, no punto terceiro piden que se aceleren as obras e todos os trámites administrativos, así como consignar de maneira orzamentaria as cantidades necesarias, pero non concretan en qué orzamento. Se se deixa así o goberno de quenda podería orzalo en 2050 e non se cumpriría a solicitude que contén a proposta de acordo. Na emenda que propón o Grupo Socialista concrétase que sexa en 2015, igual que así o solicitan tamén os compañeiros de Lugo. É importante facer isto agora porque aínda se está a tempo de incluílo. Por outra banda, na moción do Grupo Popular só se teñen en conta dous tramos: San Martiño-A Barrela e Cambeo-Ourense, polo que se pregunta que pasa co resto dos tramos. Non punto dous da moción pídese que se impulse o tramo Cambeo-Ourense, e ela pensa que o que ten sentido é impulsar o conxunto da autovía. Hai que solucionar a conexión con Ourense e non tramos soltos, por iso na súa proposta inclúense todos os tramos e priorizan os que consideran máis importantes para a provincia. A diferenza do acordo da moción do Grupo Popular, o Grupo Socialista inclúe na emenda dirixirse á Xunta de Galicia para que apoie a construción da autovía. Di isto porque é coñecedora de que nunha reunión mantida entre os alcaldes das zonas afectadas, a Sra. ministra de Fomento, Ana Pastor, lles trasladou que a decisión de priorizar esta actuación ou outras estaba nas mans do presidente Feijóo, por iso resulta necesario dirixirse á Xunta de Galicia. Na moción fálase do actual estado de parálise no que se atopa a futura A-56 e así es, iso que estaba incluída no plan de infraestruturas de anteriores gobernos pola súa transcendencia estratéxica na articulación do interior de Galicia, como no seu día o foi a AP-9 das provincias costeiras, pero a realidade é que se atopa nun estado de suspensión total. Este feito agrávase se temos en conta que a súa finalización estaba prevista para o ano 2008. Estamos no ano 2014 e a realidade é que na presente lexislatura na que xa levamos case tres anos, non se ten avanzado nada. Para os catro tramos que o Grupo Socialista considera prioritarios para a provincia, que son pouco máis de 30 quilómetros dos 67,5 quilómetros totais, sería necesario orzar uns 400 millóns de euros. O tramo Ourense-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

Cambeo custaría uns 100 millóns de euros e nos orzamentos do Estado para 2014 figura unha partida de 100.000 euros para isto. A este paso, 100.000 euros por ano, para completar o custo total tardaríamos 1.000 anos para o tramo Ourense-Cambeo, despois quedarían os demais. Está claro que desde esta institución se debe poñer todo o empeño para que o goberno mude de actitude no orzamento de 2015. Pide que se aprobe a emenda de substitución e que todos pensen non ourensáns.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que menos mal que dixo que ían aprobar a emenda de substitución, porque a Sra. Figueiral convenceunos seguro, aínda que xa estaban convencidos.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, anuncia que están de acordo coa emenda de substitución do Grupo Socialista.

D.ª M.ª del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo Socialista, dálles as grazas a todos por aprobar a emenda e ten o desexo de que todo saia ben.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Socialista e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Solicitarlle ao Ministerio de Fomento que impulse o conxunto das actuacións na autoestrada A-56 Ourense-Lugo, de xeito que se liciten no presente ano priorizando os seguintes tramos Variante Norte (5,8 Km), Ourense-Cambeo (9,0 Km), Cambeo-San Martiño (8,5 Km) e San Martiño-A Barrela (9,8 Km).
2. Solicitarlle ao Ministerio de Fomento que antes do final da actual lexislatura se rematen todos os proxectos construtivos do resto dos tramos e os trámites previos á súa licitación.
3. Solicitarlle ao Goberno do Estado que se consignent nos orzamentos xerais de 2015 as dotacións necesarias para contratar os tramos prioritarios citados.
4. Dirixirse á Xunta de Galicia para que apoie a construción da autoestrada A-56, Ourense-Lugo tal e como consta neste acordo.

20º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que máis de 1.100 mortos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

logo de demostrarse de Hamas non tivo nada que ver co secuestro e asasinato dos mozos israelís. Máis de 170 nenos asasinados. Chegado este momento ao BNG pareceulle adecuado que se trate este tema na institución, polo que presentaron a moción, que di o seguinte: Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita á masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade. Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa rabia e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra. Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e esixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Nacións Unidas que este país incumpre impunemente. Como galegas e galegos non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice no que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas. Polo exposto, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1º.- O pleno da Deputación: a.- Condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

bombardeos israelís contra o pobo palestino. b.- Solicita a finalización do bloqueio contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada. c.- Apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respecte os dereitos do pobo palestino. d.- Solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e esixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra. e.-- Apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio. 2º.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, manifesta que a sociedade internacional está cansa de deitarse arrepiada, de erguerse arrepiada e de vivir arrepiada ao longo de todo o día, escoitando a masacre que se está producindo de cidadáns, a masacre de nenos que xogan na praia, máis de 1.000 mortos, deles as dúas terceiras partes son civís, as baixas israelís son de 48 persoas, o que reflicte a desigualdade que se está producindo durante moitos anos e, fundamentalmente, no caso que nos ocupa desde o pasado 8 de xullo. Moita xente sen casa, moita xente sen comida e non pode chegar a axuda humanitaria. Todo isto reflicte que é unha clara vinganza con asaño do Estado de Israel, sabendo que o asasinato dos tres colonos israelís foi da autoría dunha célula solitaria sen a complicidade da dirección de Hamas. Todo isto deu nesta catástrofe e quen verdadeiramente perde é a poboación civil. Isto reflicte a irracionalidade de Israel, é necesario que se cumpran as resolucións de Nacións Unidas e que se poña fin ao enfrontamento que existe entre os dous métodos terroristas: o de estado por parte de Israel e o de Hamas, que o único que fan é masacrar á poboación civil. O alcance dos mísiles israelís todos saben que están afectando a unha gran parte da poboación civil e fundamentalmente a obxectivos concretos como campos de refuxiados e un hospital. Isto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

demostra o asañamento do que falou. Israel segue sen asumir responsabilidades e o propio Benjamín Netanjahu atreveuse a defender a lexitimidade do asedio e chega a dicir que non hai guerra máis xusta que esta (unha verdadeira vergoña internacional) e o peor de todo é que John Kerry xa se posicionou en varias ocasións no bando de Israel, ao dicir que a resolución do conflito pasa polo desarme de Hamas e de todos os grupos terroristas e non se posiciona sobre o terrorismo de estado que practica Israel.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, entende que esta Deputación nun tema tan lamentable e triste, á marxe do que pense cada un, non está para adoptar este tipo de acordos. Os asuntos internacionais son competencia de quen son. Son asuntos complexos, nada xustifica o que está pasando, anuncia que votarán en contra da moción, non por estar en contra dela, senón por non entrar no que non corresponde. A postura do Partido Popular é que tras dez días de constante lanzamento de foguetes por parte de Hamas, o goberno israelí procedeu á invasión terrestre de Gaza, o que provocou un gran número de mortes civís, incluídos nenos. A solidariedade do Partido Popular e a de todos está con todas as vítimas. O número crecente de mortes de civís e militares esixe un cesamento das hostilidades inmediato, como así o recoñecen a ONU e a Unión Europea (desde aquí habería que dicirlles que fagan máis do que fan). Israel e Palestina deben volver ao acordo de novembro de 2012 de cesamento do fogo e buscar unha solución negociada a este conflito que dura desde 1948. O Partido Popular fai un chamamento claro, rotundo e sincero para o cesamento do fogo e das hostilidades. Reafírmanse nun ambiente de calma que permita retomar as negociacións que leve a unha solución pacífica e nese sentido danlles a benvida aos esforzos de Exipto e Estados Unidos para conseguir unha mediación pacífica que desexan frutífera.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, lamenta moito a opinión do Partido Popular. Entón a culpa é de Hamas. A moso un gráfico de onde quedou relegado o pobo palestino no ano 1946. Pareceríalle raro que o PP non estivese de acordo co goberno americano, posto que en esencia o pensamento político é moi parecido. A ocupación israelí é un xenocidio. O xenocidio atópase definido no artigo 2 da Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio (1948) como “calquera dos actos mencionados a continuación, perpetrados coa intención de destruír, total ou parcialmente, a un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso, como tal: matanza de membros do grupo; lesión grave

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

á súa integridade física ou mental; sometemento intencional do grupo a condicións de existencia que leven consigo a súa destrución física, total ou parcial; medidas destinadas a impedir os nacementos no seu seo; e, entre outras cousas, traslado pola forza de nenos dun grupo a outro grupo”. Di claramente “calquera dos actos mencionados a continuación”, dos cales o Estado de Israel leva cometidos máis da metade. Algo dificilmente explicable sendo o israelí un pobo que sufriu como poucos a persecución, a exclusión e o intento de exterminio. Son numerosas as resolucións da ONU que incumpriu e segue incumprindo Israel, (máis de 26), con total impiedade. Pregúntase qué fixo a ONU ata o de agora e se lle aplicará a Israel o mesmo criterio que aplicou noutros casos, como en Iraq (lxicamente non, en Iraq había cartos, aquí hai xente que morre e a ninguén lle importa). O sionismo puido significar un movemento de liberación nacional nos 50, máis aínda logo do xenocidio que sufriu o pobo israelí. Pero máis de 50 anos despois, non debemos confundirnos, e ter a claridade política e moral para entender que se converteu nunha ideoloxía ao servizo do exterminio do pobo palestino. Non pode ser que día tras día pasen diante de nós imaxes arrepiantes de asasinatos indiscriminados de nenos, anciáns, bombardeos de casas, onde os danos colaterais son devastadores e que non nos poñan nin colorados, porque se agora o terrorismo é defender un pobo e defender a identidade como pobo, el persoalmente considérase un terrorista.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que non entenden a dobre moral do Partido Popular ao non apoiar esta moción. Falando de conciencia non sabe como poden ter a conciencia tranquila votando en contra desta moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non quería facer polémica disto, aínda que a podía facer, e moita. Non quere facer historia, porque xa houbo outros gobernos que non fixeron nada. O triste son as mortes que se suceden e cada un que defenda o que queira na súa conciencia, pero esta Deputación non está para adoptar acordos dese tipo. Manifesta que el da desgraza nunca fará política.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que aquí se di que non hai lexitimidade para aprobar este tipo de acordo, pero si a teñen para dicir que a culpa foi de Hamas que mandou os artefactos. É un voto nesgado ou como se lle queira chamar.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que obtivo o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (10) e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14) polo que a moción queda rexeitada.

21°.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE XUÑO DE 2014 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE MARZO, 2º DE ABRIL E 1º DE MAIO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de xuño de 2014 e dos seguintes adicionais: 2º de marzo, 2º de abril e 1º de maio de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

22°.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE XUÑO DE 2014 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 3º DE DECEMBRO DE 2013, 2º DE MARZO, 2º DE ABRIL E 1º DE MAIO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de xuño de 2014 e dos seguintes adicionais: 3º de decembro de 2013, 2º de marzo, 2º de abril e 1º de maio de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

23°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

Logo da unánime declaración da súa urxencia, tratouse a seguinte moción:

23ª.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DAS OBRAS DUNHA PLANTA ASFÁLTICA EN XINZO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que expoña o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: A empresa ourensá OCA. S.A. está a promover a execución das obras para a instalación dunha Planta Asfáltica no Concello de Xinzo da Limia. Esta sociedade da construción radicada en Ourense iniciou xa as obras de instalación para planta de produción de mestura bituminosa en quente, planta asfáltica permanente, en Xinzo da Limia co preceptivo expediente municipal administrativo aínda en fase de exposición pública. A sociedade construtora a día de hoxe ven executando obras iniciadas xa hai varios meses como a consolidación, explanación e preparación de terreos, de superficies de placas de forxado de formigón e canalizacións de drenaxe fluvial. Tamén foron iniciadas tarefas de instalación da infraestrutura básica de planta asfáltica, todo elo sen contar coa preceptiva licenza municipal definitiva e co expediente administrativo derivado aínda en curso e pendente de valorar e informar tralas posibles alegacións que cheguen ao consistorio en tempo, forma e prazo ata o vindeiro 6 de agosto. Esta instalación localízase nun concello e nunha comarca de clara vocación agraria e isto suporía xa non tan só un grave impacto sobre a saúde das persoas, fauna, flora e medio, senón tamén produciría un forte prexuízo económico nos sectores produtivos, xa que a emisión destes axentes tóxicos bioacumulativos interferirá de xeito pernicioso na calidade e desenrolo vital de todos os produtos e os seres vivos da contorna. Por todo isto solicitamos: 1º.- Que a Deputación se posicione en contra da instalación de planta de produción de mestura bituminosa en quente, planta asfáltica permanente, en Parada de Ribeira. 2º.- Sumarse ás reivindicacións que está abandeirando a Asociación O Muíño da Lama para que o concello de Xinzo paralice e anule de xeito inmediato o expediente administrativo en curso para a obtención da preceptiva licenza municipal desta actividade e inicie un expediente sancionador e de reposición da legalidade por execución irregular de obra maior sen licenza municipal. 3º.- Enviarlles o acordo ao concello de Xinzo e á Xunta de Galiza.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, cre que é conveniente que nesta Deputación se reflexione sobre a Limia, que parece que sempre ten a negra. Di isto porque hai escasamente tres anos ao anterior presidente desta Deputación elixía a dedo a Limia para instalar alí a SOGAMA 2, é dicir, a planta de incineración do sur de Galicia. Daquela houbo que moverse de abondo para que iso non fose adiante. Posteriormente un proxecto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

moi interesante, unha planta de tratamento de residuos sólidos urbanos tiña intención de instalarse na Limia. O pasado ano tratouse neste pleno unha moción para rexeitar unha mina de feldespato que ía ocasionar graves lesións e axentes contaminantes para a Limia. De novo, unha planta de bituminosos situada a escasos 500 metros do pobo de Parada de Ribeira inicia os trámites para poder instalarse alí. A nova lexislación que aprobou o Partido Popular en decembro de 2013, Lei de competitividade e emprendemento de Galicia, só esixe a comunicación previa aos concellos para unha instalación deste tipo. A reacción dos veciños non foi outra que a lóxica nestes momentos. Quere recoñecer a actuación do alcalde de Xinzo e do resto de grupos da Corporación do concello que se achegaron o pasado xoves a Parada de Ribeira para poñer en coñecemento dos veciños o que estaba a acontecer e en que fase se atopaban os trámites. En Xinzo e nos pobos limítrofes estanse a recoller alegacións porque non remata o prazo ata o día 6 de agosto. Presenta unha emenda in voce do punto número dous para sumarse ao acordo plenario, posto que foi o Grupo Socialista o que solicitou que se convocase un pleno extraordinario urxente, que quedaría como segue: Sumarse ao acordo unánime adoptado no Pleno extraordinario do Concello de Xinzo de Limia do día 28 de xullo de 2014, para instar á Xunta de Galicia a que non autorice esta planta de asfaltado en quente cos informes negativos das consellerías correspondentes (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Consellería de Economía e Industria. E no punto terceiro pide tamén que se engada ao Concello dos Blancos, posto que é un concello limítrofe.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, pide en primeiro lugar que o BNG diga se acepta ou non a emenda in voce presentada polo Grupo Socialista.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o seu grupo si acepta a emenda in voce presentada.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que están de acordo coa exposición de motivos e como o BNG acepta a emenda in voce presentada votarán a favor da moción e esperan que a resposta da Xunta de Galicia sexa negativa á instalación desa planta.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, agradécelle tamén ao BNG (autor da moción) a aceptación da emenda in voce presentada, porque entenden que a Sra. Lama, que é portavoz do Grupo Socialista no Concello de Xinzo, sabe ben do que se está a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

falar. Reitera que se mantivo unha reunión cos veciños de Parada de Ribeira o pasado xoves e xa se realizou un pleno no concello, polo que este acordo é un pouco extemporáneo, porque di que se lle notifique ao concello un acordo que xa tomou. A día de hoxe esa planta está precintada, paralizada e con orde de reposición da legalidade (hoxe quedou o decreto feito para que o asinase o tenente de alcalde por delegación). Anuncia que o Grupo Popular vai votar a favor.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que neste momento basta unha palabra do Sr. alcalde de Xinzo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG coas modificacións introducidas in voce polo Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Posicionarse en contra da instalación de planta de produción de mestura bituminosa en quente, planta asfáltica permanente, en Parada de Ribeira.

2º.- Sumarse ao acordo unánime adoptado no Pleno extraordinario do Concello de Xinzo de Limia do día 28 de xullo de 2014, para instar á Xunta de Galicia a que non autorice esta planta de asfaltado en quente cos informes negativos das consellerías correspondentes (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Consellería de Economía e Industria).

3º.- Enviarlles este acordo aos Concellos de Xinzo de Limia e Os Blancos e á Xunta de Galicia.

24º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda, prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que vai facer dous rogos. O primeiro está relacionado con algo do que xa se ten falado aquí, da problemática da estrada da Deputación no municipio de Berán, que continúa sen estar arraxado completamente, polo que roga que se tomen cartas no asunto. O segundo máis que un rogo é un reto. Refírese ás declaracións do IRPF e ás noticias que saíron na prensa. Este asunto molestoulles moito aos deputados que integran o Grupo Socialista. O Sr. presidente foi quen se encargou de toldar isto, cando non era necesario. Tanto o presidente como quen fala veñen de orixes humildes, polo que lle formula un reto: con transparencia internacional, co comité de ética ou con quen queira e que se compare o patrimonio do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

presidente da Deputación co patrimonio do portavoz socialista, facéndoo público, onde se manifeste de onde veñen os ingresos familiares.

O **Sr. presidente** contesta que, en relación co rogo da estada de Berán, toma nota do asunto para darlle conta ao Servizo de Vías e Obras para que se atenda. Con relación ao outro rogo manifesta que el nunca dixo, ordenou ou fixo ningún comunicado ou declaración que tivese que ver con iso, ao contrario. Nin o dixo nin o pensou, porque sería utilizar torticeiramente un órgano absolutamente independente. O que se ten que facer é velar polo cumprimento do Código Ético. Anuncia que esta quenda é para rogos e preguntas, non é para competicións nin concursos.

D. Lepoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, en relación co que se acaba de dicir, e en canto ao que saíu publicado nos medios de comunicación, información que consideran tendenciosa respecto da presentación da declaración do IRPF dos deputados da oposición, porque nove deputados do Partido Popular a presentaron fóra de prazo e omitiuse que o deputado que fala foi o primeiro en presentala (día 30 de maio). Pediron unha rectificación pública por parte da Deputación, algo que non se produciu, e saben que o Gabinete de comunicación é o que fai esta publicación, que non é un ente abstracto, e é responsabilidade do presidente. De non ser así, roga que se cese ao responsable. Con respecto á petición de desculpas, di que o Sr. presidente agora ten a oportunidade de facelo se quere. De todas formas, o BNG, malia ter moitas dúbidas respecto da independencia dos membros da Comisión de Ética, posto que están nomeados polo presidente, quere que se entre no fondo do asunto porque están seguros de que algúns deputados do Partido Popular non declaran todo o que posúen. Abonda o exemplo do deputado defraudador Freire Couto, que entre 2005 e 2010 lle ocultou ao fisco nada máis e nada menos que 700.000 euros, tendo que pagar unha multa por unha infracción grave de 208.000 euros, e que desde 2010 non volveu presentar declaración no Concello de Barbadás a pesar das reiteradas peticións dos concelleiros do BNG. Este deputado ten varias empresas inmobiliarias con testaferrós, e como consta nas hemerotecas hai dous anos foi a Portugal facer trocos, para pagarlle menos ao fisco español. Roga que se aclare todo isto e se se vai á Comisión de Ética que vaian todos. Quere preguntar tamén se hai algún deputado dos presentes na sala que teña algunha relación con Torrelaguna, e en caso de que así sexa se lle pode explicar a este plenario cal é a relación (senón van ter que explicala eles). Manifesta que a sociedade civil

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

se está organizando e está indo moi por diante de todos nós, tal e como estamos a comprobar con diversas cuestións, entre elas a constitución de plataformas diversas para loitar contra a desaparición dos partidos xudiciais, o que significaría un golpe máis para o rural galego. O señor presidente vai a remolque e obrigado polas circunstancias está intentando facer ver, iso si coa boca pequena (en Xinzo os alcaldes do seu partido negáronse a secundar as mobilizacións convocadas pola plataforma, e mesmo fixeron un traballo de desmobilización) que está cos veciños. De aí a foto da reunión con diversos alcaldes para facer unha fronte común para loitar contra a desaparición dos partidos xudiciais. É curioso que mentres que o Sr. presidente se saca unha foto máis, das tantas, non recibe aos representantes da sociedade que está a clamar nos nosos concellos e vilas contra unha reforma inxusta, e que lle teñen pedido data para unha entrevista sen que aínda a tivesen. Pregúntalle ao presidente se ten pensado reunirse cos representantes da coordinadora das plataformas e se é así, cando. Para finalizar pregunta se a Deputación colabora dalgún xeito coas *touradas* de Muíños.

O **Sr. presidente** contesta que xa dixo antes e volve insistir en que non vai facer rectificación pública de algo que non dixo, nin escribiu nin se fixo ningún comunicado que fose asinado por esta Deputación. En canto ao nomeamento dos membros do Comité de Ética, aconséllalle ao Sr. Rodríguez Puga que lea o Código Ético e que vexa que son propostos e designados polas organizacións que forman parte do comité, e a única presenza da Deputación é a través dun funcionario que fai de secretario, con voz pero sen voto, e que foi elixido por sorteo. O Código Ético, no seu artigo 4, di que os cargos electos presentarán no Rexistro da Deputación Provincial e de xeito anual, copia da declaración do IRPF e do Imposto de Patrimonio, nos cinco días seguintes ao remate do prazo establecido pola Axencia Tributaria para que todos os cidadáns presenten as súas declaracións. A presentación da declaración farase todos os anos nos que se ocupe o cargo, e no ano seguinte ao do seu abandono, presentando a citada documentación no rexistro da institución. Publicarase na web da institución. En relación coa relación dalgún deputado con Torrelaguna non lle pode responder a isto porque esta quenda é de rogos e preguntas ao presidente. En canto á desaparición dos partidos xudiciais, di que na xuntanza que se mantivo na Deputación cos alcaldes dos distritos xudiciais, aprobouse unha proposta coa que estaban todos de acordo. O que si dixo aquel día e que ten rectificar, foi que fora un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xullo de 2014

pronunciamento unánime da Deputación o ir en contra da supresión dos partidos xudiciais, porque non foi así, porque o acordo plenario foi só cos votos do Partido Popular. En canto a se ten pensado recibir aos representantes da coordinadora de plataformas, di que recibe a todos os que lle piden entrevistas, en relación a este tema di que si lles comunicou aos presidentes das plataformas a declaración conxunta que se asinou cos alcaldes. Con relación ás *touradas* de Muíños, di que non lle consta e non sabe se o solicitaron dentro do concurso de axudas para actividades culturais, polo que haberá que ver a resolución dese concurso.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular e alcalde de Muíños, por alusións, rógalle á Presidencia que lle diga radicalmente ao portavoz do BNG que a Deputación non colabora coas *touradas* de Muíños.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, di que o portavoz do BNG sempre chega tarde e mal. Casualmente trae unha copia do rexistro de bens e intereses, porque sabía que nalgún momento isto ía saír, porque o que o busca no excremento sempre cheira. Isto ben do ano 2013, na súa declaración de bens, que é pública, había unha empresa que se chamaba Promociones Sumpro SL, no municipio de Venturada, non Torrelaguna, e el tiña o 12,5%, esta empresa disolveuse no seu momento e xa lle pasou unha comunicación ao Rexistro de Intereses con data de decembro de 2013 (n.º 74 do dito rexistro) na que di que se cambia a participación desa empresa a titularidade particular pola disolución da empresa. Na súa declaración do IRPF figura unha cota líquida duns 68.000 euros e quere aclarar que desde hai 20 anos ten varias empresas e de aí o 20% é o que percibe en política, moito menos que algúns que están sentados enfronte. Pide que se lle permita ter empresas privadas e gañar o que poida ou que se considere procedente.

D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pregunta se o Sr. presidente fixo algunha xestión sobre a posible desaparición dos rexistros civís.

O **Sr. presidente** di que cre que xa se tomou algún acordo plenario e se a Sra. Morenza quere vólveselle mandar ao Ministerio de Xustiza.

E, ás 14.10 horas do citado día vinte e nove de xullo do ano dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,